

XXV
*Certame
Literario*

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

*Manuel-Oreste
Rodríguez López*

XXV
Certame
Literario

Concello de Paradela

Premios poesía e narrativa

Manuel-Oreste
Rodríguez-López

Limiar

*“Xaniño,
coidas de minorías o meu canto,
que comprenden moi poucos
o linguaxe que eu falo....”*

Poemas Populares Galegos 1968

Cincuenta e dous anos despois desa primeira publicación, na que ti **Mestre**, te referías aos teus traballos: **“iste e o froito agromado, dos meus mozos, primeiros trinta anos.....”**.

Se de anos seguimos a falar, o POETA-OBREIRO, cumpriría oitenta e seis no mes de decembro, pero Deus levoute ao seu carón, aos cincuenta e cinco, no mes de febreiro do 1990, fai trinta anos, sabemos que estabas no cumio da túa carreira literaria, como sementador de cultura, camiño de liberdade e loitador por un mundo máis xusto, no que xermola a pureza da túa sementeira, abondosa, honrada e transparente.

Non quedamos orfos, o teu espírito aniñou nos corazóns da túa familia, dos amigos e todos os que se achegan á túa obra, que xamais rematará, porque é perenne, o que se acredita con estas **VODAS DE PRATA**, que estamos a celebrar.

Nesta edición continuamos cunha extraordinaria concorrencia, con 971 obras presentadas e neste aniversario engadimos un premio especial dedicado ao **Camiño de Santiago**, Paradela como berce da Orde dos Cabaleiros de Santiago, creada no ano 1.170 en Sta. María de Loio (Cortes); concorrendo nesta primeira convocatoria 46 traballos.

Tamén este ano tróuxonos novidades no Camiño de Santiago, a delimitación do mesmo, fixo que o km 100 se atope no noso Concello, no lugar de Pena, parroquia de Ferreiros. Sendo de gran importancia para nós, ao dispoñer dun fito de inicio do peregrino, para cumprir cos cen quilómetros a pé e ter dereito á acreditación coa “Compostela”.

Nesta XXV edición e como ben sendo habitual, os traballos gañadores son de excelente calidade, o que poderán comprobar ao adentrarse na súa lectura, tamén aconsello que comproben a calidade humana de cada un dos catorce

XXV Edición Manuel Rodríguez López (1995-2020)

galardoados. E, o milagre se obra segundo Don Francisco Merchan Pérez de Ferriol-Mallorca. “*y he aquí el milagro, sin su concurso ni yo mismo ni seguro que buena parte de los participantes en el mismo habríamos tenido el placer de tropezarnos con sus maravillosas obras y poemas. Gracias a ellos, aquellos que empezamos en este bello oficio, como el de contar historias tenemos la oportunidad de encontrar modelos en los que basar nuestro trabajo, intentando asimilar sus cualidades y hacerlas nuestras. Sin su ejemplo, muchos de los Rodríguez López del mañana andaríamos perdidos y sin rumbo esperando algo o algo que nos devolviese al camino de a nosa terra”.*

Permitanme neste limiar, lembrar outro aniversario moi importante para os Paradelenses, o noso Concello celebra este ano os seus douscentos anos de existencia, nado no ano 1820, como Concello Constitucional. A desgraciada pandemia que esta a sufrir o mundo, non nos permite maiores celebracións, agardamos para o vindeiro ano preparar un programa de actos para festexar tan insigne data, 200 anos.

Amigo Manuel, sei que xa o fas, interceder ante Deus, porque ti acadaches o Ceo e por tanto a Santidade, axúdanos a saír desta praga do COVID-19, que tanto nos aflixe. Na esperanza cristiá, loado sexa o Señor.

Remato cun poema do noso FILLO PREDILECTO, e mestre:

*Oración a veira do Orbigo
Por qué, Señor, magoache os nosos peitos
con tamaña desgracia?
Hasta cando, Señor, o noso pobo
ten que sufrir tristuras e destragos?
Por que, meu Deus, a emigración,
as chuvias que asulagan labrantios
a polución mata?
Tan ruín, señor, é o noso pobo
pra ser merecedor do sacrificio
de inocentes criaturas?
Por que, meu Deus, por que te ensañas
co laceirado Xob
que garda a tua Lei?
Repara canto laio
e acórrenos, Señor*

*Dalles eterna paz ós mortos
que enloitaron a nosa terra
e enxerga e glorifica, xa
o teu pobo longamente aburado
Señor.*

Paradela, decembro 2020
Xoxé M. Mato Díaz.

Manolo foi un marido exemplar

Coñecín a Manolo paseando cunha amiga pola Plaza Cataluña de Barcelona o ano 1956. Eu tiña 18 anos e acababa de chegar a Barcelona emigrada desde Galicia para traballar. Manolo tiña tres anos máis ca min e levaba desde os seis vivindo en Barcelona cos seus pais que tamén eran emigrantes galegos.

Estivemos seis anos de novios. En todo ese tempo os dous traballamos moito para aforrar e poder levantar unha casa, para ter un fogar para a nosa familia. Casamos en 1962 e tivemos dous fillos. Enrique naceu en 1963 e Santi en 1971.

Todos os días me lembro de Manolo. Foi toda unha vida de ilusións e proxectos. Unha vida xuntos que desgraciadamente foi demasiado curta. Manolo morreu moi novo, hai xa trinta anos. Se vivise hoxe cumpriría 86 anos este 11 de decembro. Lembro que en Barcelona díxome antes de operarse que pouco iba durar, que lle tocara pero que lle tocara moi cedo, pero que non me preocupara, que o tempo pasaba rápido e morrer había que morrer. Aqueles días eu quería darlle uns detalles que eu sabía que lle facían ilusión, pero agora el decía que non, que non lle regalara nada, que todo iba quedar aí.

Ó pouco tempo de coñecer a Manolo xa me din conta de dúas cousas que o apasionaban. Manolo era un namorado de Galicia, sobre todo de Paradela, e Manolo tiña a pasión de escribir. Moito me gustaban as poesías que el me adicaba e todo o que escribía. Escribía en galego e falabamos en galego. Pode ser que iso lle fixera sentirse máis cerca de Galicia.

O seu traballo diario era un non parar. Levantábase ás 5 ou ás 6 de mañá. Cando viviamos na Rúa Hortal, tiña que coller o autobús a Lesseps, logo o metro á Plaza España e logo outro transporte á Zona Franca, onde estaba a empresa na que traballaba. A veces iba directa-

mente desde a nosa casa á Zona Franca na moto dun veciño. Cando nos trasladamos á calle Farigola, só tiña que coller o metro e un autobús. E tempo despois, cando mercamos un coche, facía o traxecto en coche.

Comía no traballo e volvía a casa pola tarde e cando facía horas extras, chegaba cerca da noite. Despois de todo eso, escribía. Escribía sempre. Na casa escribía ata moi tarde. Escribía incluso no metro, no autobús, en todos sitios. Sempre levaba papel e bolígrafo. Cando lle faltaba o bolígrafo era como se lle faltara o alento.

A veces non lle salía algunha palabra galega para os seus escritos. Entón preguntábame se eu a sabía. Unhas veces saberíaa e outras non tanto, pero entre os dous acababamos encontrándoa sempre.

As vacacións en Galicia cada ano no mes de agosto eran a parte do ano na que Manolo máis disfrutaba. Era como se necesitase volver a Galicia para recargar enerxías para poder pasar o resto do ano traballando en Barcelona.

Pero un ano chegou a crisis e a empresa de Manolo pechou. Na Generalitat ofrecéronlle traballo, pero el quería vir a Galicia. En Lugo se empezaba a colocar. Traballou moito en Lugo pero durou pouco tempo. Non lle deu tempo para máis.

Lembro que despois de operado, fomos a visitar a uns amigos a Grallás. Logo soupen que lle dixo á nosa amiga: “Estou moi mal, non llo digas á Irene”. Semanas despois, tamén en Grallás, dixo: “a ver se vou hoxe a Paradela a despedirme de Paradela”. E así foi, porque non volveu. Pocos días despois falleceu.

Os seus últimos días dan conta do bo home que foi.

Manolo foi un marido exemplar

No hospital en Barcelona levaba bastantes días ingresado e o cura non aparecía. Díxolle á monxa que lle fixera o favor de avisalo. Cando viu ó cura díxolle: “levo bastante tempo ingresado e vostede non pasou por aquí”. O cura respondeulle dicindo que se pasaba era como se obrigara á xente a confesarse. Manolo díxolle: “non señor non, vostede pase por aquí e diga simplemente que é o cura. O que queira confesarse xa llo pedirá”. Manolo fíxolle comparacións e o cura respondeu. “Tes razón, escoitando tamen se aprende”.

Lembro outra anécdota cun señor ingresado xunto a Manolo. O señor estivera gardando ovellas toda a vida. Tiña un fillo que se ve que o preparou ben. Pero cando o pai empezaba a falar, o fillo mandábao calar. O pai non estaba moi preparado e ó fillo dáballe vergonza. E o Manolo díxolle, “por que non lle deixas falar ó pai? El gardaría ovellas pero todo o que ti sabes débésello a el, que a ti tratou de enseñarche todo o que puido”.

Despois de operado díxome que quería deixar todo solucionado para que eu puidera estudar ó noso fillo máis novo, que empezara a carreira de Bioloxía ese ano. Tamén me dixo “morro ben a gusto porque deixovos todos os papeles arreglados”.

Cando saliu da operación en Barcelona, o noso fillo Enrique, Ángel, amigo da familia e eu fumos pasear con el. Manolo recorreu con nós os sitios por donde tiñamos ido tantas veces (o Castillo e as Tres Cruces do Parque Güell de camiño pola calle Baixada da Gloria). Xa me daba a idea que se iba despedindo de todo.

O día do enterro enterámonos por Xulio Xiz que fora nomeado Lucense do Ano. A partir dese momento todo foron homenaxes. Estou moi agradecida a todos. Gracias ó Alcalde José Manuel Mato e ó Concello polo traslado de Manolo a Paradela e por todas as homenaxes que lle levan facendo ó meu marido, incluído o Certame de Paradela que xa cumpriu 25 anos. Gracias ós membros do Xurado desta edición do Certame de Paradela e de anteriores edicións. Gracias a Xesús Mato por todo o que

leva feito por Manolo e pola nosa familia. Gracias a Xulio Xiz e a Antonio Giz pola exposición itinerante, por moitos outros homenaxes e por publicar libros de Manolo.

Ademais hai moitas outras persoas ás que quero agradecer que participaran en homenaxes ó meu marido. Quero nombrar a todos os que figuran no libro publicado por GaliciaDixital “Manuel Rodríguez López 25 anos despois” pola orde na que están no libro: Antonio Giz, José Manuel Mato Díaz, Adolfo de Abel Vilela, Xesús Alonso Montero, Ramiro Arca, Antón Bao, Alfonso Blanco Torrado, Dario Xohán Cabana, Eloi Caldeiro, Xosé Manuel Carballo, Manoel Carrete, Rafael Catoira Rey, José de Cora, Iolanda Díaz Gallego, Manrique Fernández, Félix Fernández García, Ángel Fernández López, Xosé Lois Foxo, Pepe Pol, Xosé Lois García, Lorenzo García, Valentín García Gómez, José Gómez Blanco, Luís González Tosar, Marcial González Vigo, Alfredo González Vilela, Antón Grande, Baldo-mero Iglesias Dobarrio, Mero, Isabel Julián Quiroga, Rafael Laso Lorenzo, Siro López, Xosé Luis López Fraga, Anxo Lorenzo, Xesús Mato, Francisco Merchán, Alexandre Nerium, Isabel Oliver González, Xosé Otero Canto, Mario Outeiro, Jesús Alfonso Parada Jato, Francisco Piñeiro González, Feliciano Ramos Navarro, Xavier Rodríguez Barrio, Francisco Rozados, Xoán Rubia, Alba Sánchez Ares, Xulio L Valcárcel, Xosé Vázquez Pintor, Álvaro de la Vega, Xulio Xiz. Estas persoas son unha representación da morea de amigos que tivo e ten Manolo. Como Alfredo González Vilela, que veu espreso a Galicia desde Barcelona en varias ocasións para actuar en homenaxes a Manolo. Teño a sorte que o meu marido nos deixou moitos e moi bos amigos. Moitas gracias a todos de corazón.

Irene López Gómez
Lugo, 1 de novembro de 2020

O proxecto Manuel Rodríguez López no ano 2020

O proxecto “Manuel Rodríguez López, emigrante galego, poeta obreiro”, nado co obxectivo de dar a coñecer a figura e a obra do noso amigo Manolo, cumpre no ano 2020 8 anos. 8 anos desde que foi presentado na Casa da Cultura de Paradela, no Nadal de 2012. Desde aquel momento, o proxecto comezou a andar, e deu multitude de froitos, algún deles proxectados desde o primeiro momento, moitos outros sorpresas agradables que fomos atopando polo camiño, grazas a unha morea de amigos, colaboradores e entidades que acolleron a exposición itinerante.

Pero este ano, a maldita pandemia interpúxose no habitual transcorrer do proxecto, e fixo que a exposición itinerante non se puidese trasladar a ningún dos lugares que estaban proxectados. Iso, sen embargo, non significa que o virus conseguise parar o noso proxecto. Nin moito menos. Precisamente, esa parálise forzada nunha das nosas liñas de traballo fixo que nos puidésemos dedicar a outras tarefas, que relataremos en detalle a continuación.

Exposición Itinerante

A **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez está formada por 16 paneis informativos, que poden ademais ser vistos integramente na web do proxecto.



Antonio Giz
(*Director de Galicia Digital*)

Se ben este ano non temos novidades acerca dela, cómpre lembrar que, desde que a mostra foi presentada en Paradela hai 7 anos, xa percorreu practicamente todas as cidades e vilas importantes de Galicia, así como os Centros Galegos de Barcelona, León, Salamanca, Vitoria, Valladolid, Las Palmas de Gran Canaria, Llodio, Sevilla, Pamplona ou Santander, e as Universidades de Cáceres, Granada e Bilbao, e a Casa de Galicia en Madrid. En Portugal estivo no Centro Galego de Lisboa, na Biblioteca Lúcio Craveiro da Silva en Braga, da man da Universidade do Minho, e na Universidade de Faro. En total, 47 emprazamentos distribuídos por toda a península, e máis de 20.000 quilómetros percorridos.

E mentres pasamos polo obrigado descanso, continúan as xestións para retomar o ritmo habitual en 2021: Burela, San Cibrao, Lalín, A Estrada, Narón, As Pontes, Ortigueira, Redondela, Logroño, Zaragoza, Valencia, Oiartzun... Confiamos en poder levar a mostra itinerante a moitos destes lugares o ano que vén.

Web

O portal web de Manuel Rodríguez López (www.manuelrodriguezlopez.org), unha das máis completas webs que teña un escritor galego, recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, e segue



O proxecto Manuel Rodríguez López no ano 2020

a recibir máis de 100 visitas diarias. Máis de 3 Gb de información nunha ampla colección de documentos, fotografías, vídeos, audios e recortes de prensa que reflicten a intensa actividade literaria e intelectual de Manuel Rodríguez López.

Esta web acaba de experimentar unha profunda transformación, encamiñada a adaptala ás novas tecnoloxías e ás tendencias no deseño web que apareceron nestes últimos tempos. Así, a día de hoxe podemos anunciar que contamos cunha nova web do proxecto, cun deseño gráfico totalmente renovado, adaptado a todo tipo de dispositivos móbiles, e cunha nova estrutura da información almacenada, que pretende facer que a web sexa máis accesible.

Publicacións



Xa son 16 os libros de Manuel Rodríguez López que recolle a **Biblioteca Virtual de GaliciaDigital** (<http://bibliotecavirtual.galiciadigital.com>). Pasenñamente, imos incorporando novos títulos, tanto obras xa publicadas como inéditas, e así seguiremos ata ter as súas obras completas na nosa Biblioteca.

Pero non son estas as únicas obras relacionadas con Manolo que se publicaron este ano na Biblioteca Virtual de GaliciaDigital. Cabe destacar a publicación de “**Exposición Itinerante Manuel Rodríguez López 2013-2020**”, obra de Antonio Giz e Santiago Rodríguez, na que se dá conta de todo o conseguido coa nosa mostra, desde a súa presentación en Paradela no ano 2013 ata as últimas visitas realizadas o ano pasado. A extensión da obra (650 páxinas) dá unha idea bastante clara da cantidade de traballo realizado por todo o equipo do proxecto, e de todos os logros acadados.

Cara a 2021

Coidamos que despois de todo o relatado, queda demostrado que o ano 2020 non foi una ano perdido, nin baleiro. Foi, si, un ano no que sufrimos unhas circunstancias especialmente complicadas, pero que no caso deste proxecto serviron para reinventarnos, para revisar todo o que había feito, mellorar moitas cousas, e poñer as sementes para o ano 2021.

A nosa intención é, polo tanto, retomar o funcionamento habitual do proxecto, se as circunstancias o permiten, convencidos de que o mellor está por chegar. Esta convicción vén da seguridade que nos aportan todas as persoas e entidades que seguen colaborando co proxecto: Institucións (Concello de Paradela, Deputación Provincial de Lugo, Real Academia Galega e Xunta de Galicia), amigos (Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso Montero, Valentín García...), colaboradores... Forman un equipo que vai crescendo ano a ano, e que achega o seu traballo e ilusión para que, un ano máis, sigamos traballando pola memoria de Manuel Rodríguez López. O noso agradecemento para todos eles.

Antonio Giz
Director de GaliciaDigital

Bases da XXV Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose unha soa obra por categoría e autor.

SEGUNDA.- Categorias e requisitos das obras.

Narrativa:

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Poesía:

As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

Modalidade Especial Camiño de Santiago.

Cos mesmos requisitos sinalados nos parágrafos anteriores, tendo en conta a celebración da XXV Edición do Certame, o paso do Camiño Francés por Paradelas e a celebración no Ano 2021 do Ano Xacobeo, creáse para esta Edición unha modalidade relativa ao Camiño de Santiago, en especial referida ao Camiño Francés ao seu paso por Paradelas.

Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía.

TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega iniciase o día un de outubro de 2019 e rematará o trinta de novembro de 2019.

Enviárase un único exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA

Certame literario

(Modalidade Poesía/Narrativa)

Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15

27611 Paradelas-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriñense soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta oix.paradela@eidolocal.es, deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, D.N.I. ou pasaporte, domicilio, teléfono, poboación de residencia, dirección de correo electrónico (no seu caso) e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica, co título da obra.

- O título da obra.

Os arquivos serán custodiados pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra.

No caso de participación nos tres apartados; deberase concursar en cada modalidade

Narrativa e Poesía

por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado, facendo constar a modalidade “poesía”, “narrativa” ou “especial Camiño de Santiago”. Conforme ao disposto na Lei Orgánica de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e no Regulamento Xeral de Protección de Datos, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

CUARTA.- Premios.

Modalidade narrativa:

1º Premio: mil euros (1000,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade poesía:

1º Premio: mil euros (1000,00 €)

2º Premio: cincocentos euros (500,00 €)

Modalidade especial Camiño de Santiago

1º Premio: mil euros (1000,00 €)

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder ata dúas mencións de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2020 e farase público polos medios de comunicación e nas páxinas web do concello www.paradela.es e www.concelloparadela.es; comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas, accesits e mencións de honra durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

Os autores que resulten galardonados cos premios, accesits e mencións de honra non poderán solicitar unha vez producido o fallo que non se publique a obra ao non haber obtido premio con dotación económica e haber concurrido a outros certames coa mesma obra.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XXV Edición.

SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Acta do Fallo da XXV Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as once horas e once minutos do día vinte e oito de maio de dous mil vinte, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde - Presidente do Concello de Paradela como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradela) como vogais; e D^a. Ruth López – Mosquera García, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse novecentas setenta e unha (971) obras, das cales catrocentas vinte e dúas (422) obras corresponden á categoría de poesía, e cincocentas tres (503) obras á de narrativa, e corenta e seis (46) obras, na modalidade especial do Camiño de Santiago.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o nivel alto dos participantes.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar o primeiro de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema **Carballo, ollo panóptico que todo vixía**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D. Xosé Otero Canto**, de Lugo.

- Outorgar o segundo premio de **POESÍA**, á obra titulada **As veces soño coas ondas**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D^a. Raquel Fernández Fernández**, de Gondomar (Pontevedra).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**:

Primeiro Accésit, a obra co lema “**Ecos**” e título **Ecos do silencio**, cuxa autora é **D^a. María de los Ángeles Rivadulla Queijeiro**, de Culleredo (A Coruña).

Segundo Accésit, á obra presentada co lema “**Martín Acosta Álvarez**”, e o título **El Sendero del Poeta** cuxo autor é **D. Cirilo Luis Álvarez**, de Alcalá de Henares (Madrid).

As mencións de Honra recaeron, na obra baixo o título **Escintileos sonoros**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D. José Manuel Brea Feijoo**, de Vigo

(Pontevedra) e a obra baixo o título **Das saudades**, cuxa autora é D^a. Sara Carmona Lladó, de Pontedeume (A Coruña).

SEGUNDO.- Outorgar o primeiro premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema “**El Gran Pez**” e co título **Habitación Avatar**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D. Alfredo Gómez Martínez**, de Elche (Alicante).

- Outorgar o segundo premio de **NARRATIVA**, á obra titulada **O destino levóume a Paradela**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D. Pablo Veiga López-Castelo**, de Lugo.

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**:

Primeiro Accésit, á obra presentada baixo o título **La doctora**, compróbase que a súa autora é D^a. **Esther Bajo Álvarez**, de León.

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o título **Roxanne**, sendo a súa autora D^a. **Patricia Torrado Queiruga**, de Porto do Son (A Coruña).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema “**Lluvia**”, e co título **Un niño corriendo**, cuxo autor é **Don Felipe Alberto Ponte Pena**, de Zarautz (Guipúzcoa) e a obra baixo o título **Un paseo nocturno**, pertencendo a **D. Valentín Alvite Gándara**, de Vimianzo (A Coruña).

TERCEIRO.- Outorgar o premio de **MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**, á obra presentada baixo o título **Trescientos metros**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **D. Agustín Pascual Pino**, de Gijón (Asturias).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de MENCIÓN ESPECIAL CAMIÑO DE SANTIAGO**:

Primeiro Accésit, á obra presentada baixo o título **Pensando en el camino de Santiago**, compróbase que a súa autora é D^a. **Eumelia Sanz Vaca**, de Valladolid.

Segundo Accésit, á obra presentada baixo o título **O fado dos Romaríz**, sendo o seu autor **D. Francisco Rozados Rivas**, de Poio (Pontevedra).

A mención de Honra recaeu na obra baixo o lema **Tan gallega como el camino de Santiago**, cuxa autora é D^a. **Nuria Armesto López**, de Paradela (Lugo).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as doce horas e corenta minutos, do que eu, como Secretaria dou fe.

1º Premio Poesía

XOSÉ OTERO CANTO

Natural da Ponte de Outeiro (Castro de Rei – A Valuria), licenciado en Filoloxía, xubilouse como catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía: *Salaos da Chaira. Arelas de prata e soños. Miño, río pai e amigo. Guía poética da muralla de Lugo. Outono, mancebo céfirode ás ergueitas. Poemas da cidade. Poética da viaxe. Nenas chairegas. Valuria. As catedrais, portas do misterio. Telúrica. Muralla, lúa chea imperial e Sinódica luz.*

O seu labor poético tenlle deparado máis de trinta premios nos certames literarios do Concello de Vitalba, A Pipa (Becerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Buenos Aires, Concello de Paradela, Nacional de Poesía do Centro Cultural “José Domínguez Guizán” de Begonte, Anduriña Voandeira (País Vasco), Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona), Editorial “Cuestión de Belleza” (Ourense), Concello de Ames, Avelino Díaz (Meira), “Historias detrás das ventás” de Lugo entre outros.



Carballo, ollo panóptico que todo o vixia
Xosé Otero Canto

Para Xosé Manuel Carballo.
In memoriam

Fuches a landra que garda un ser,
o desexo que a fame esconde
na varxela na que mora o amaranto,
e voaches alas en doce día
apertando o pico que a altura arrefría
para gardarte na maturidade
de ser comesta, “era o teu designio”,
cando entre as follas te acubillou
esa pega rebordá que reborda
a fame en sentimento de procura,
a loita que en vida se espreita
ao desleixo da luz, “deo volente”

Calada testemuña que agroma
no esquecemento que é celme de vida
cando os formentos do infortunio
fixeron arrebol da esperanza
e colmaron a aspiración dos “Xilfos”
prendendo no telúrico útero
da céltiga semente dos druídas . . .
e pasaron os días de pertenza
que os fluídos acedan e excitan
e a luz en ser se ve, e se transforma
en árbore mítica arfando follas,
en bátegas e luz, seca e borrifo.

Medrou senlleira gabeando os ceos
na terra brava e tamén testana.
Ollo panóptico que todo o vixia.

As landras das súas landras dan bosque
que o deus Lugh da terra fai que infundan
o respecto desta árbore atávica

e temor e adoración inspire
ás tribos de céltico dominio
que co “ogham” enxerguen alfabeto
de peites de almafi as súas pugas
peiteen as letras do abecedario
para desenguedellar as palabras
entre os dentes que o peite amosa
transmutados en sons tan amorosos
que a rendida adoración procuran.

Que será esta grande carballeira
senón o lar en que os deuses fan vida
onde a sombra protexe e reconforta
no ollo panóptico que todo o vixía.
Carballo sagrado, sombra e vida
es testemuña da asemblea druida
sentada baixo os toros xa cortados
de carballos en círculos cinguidos.
Tribunos das tribos de intereses
que administran a xustiza do pobo,
a causa xusta que leva á paz
e a desgraza que acende a guerra

“Luciano de Samosata estima
ao deus “carballo” como supremo
Zeus dos celtas no Olimpo da Fraga
que infunde cariño, amor e respecto.
Apaxando a casca e as follas
unximos as mans de verdade e valor
para ir ao combate e sentir a flor,
desprezar a morte e apreciarnos nós.

As bóvedas das pólas corpulentas,
ciclópea e hercúlea catedral
en que a relixión cerimoniosa
inspira unha estraña atracción
onde a divindade de Teutanes,
señor da voz e da elocuencia,

en carballo albo representado
será o condutor aos infernos
das armas que dos mortos fan pegada”

Ata aquí as palabras druídicas,
a doutrina harmónica do mundo,
a natureza que respecto infunde.

Sabedoria e engolemia antiga,
cosmovisión de triades sagradas:
da Terra que rebenta en verdor,
do Ceo que rebenta en fulgor,
do Mar que rebenta entre os cons.

Esta enerxía que flúe dos deuses,
este Awen que aporta inspiración,
o Trisquel, e a Triqueta e o “Imbas”
en completa harmonía co cosmos
xunguido ao carballo milenario
e sementado polas divinas mans,
o divino visgo, o talismán,
o do verdor perenne, o símbolo
da inmortalidade das nosas almas,
o da inmortalidade do carballo
e dos seres que habitan con nós.

Cortará o visgo coa fouce de ouro
para presentar en ofrenda aos deuses
e os outros druídas seguirano
e as súplicas farán apócema
e as aciñeiras deliquio
na conciencia xaspeada da casca,
no sexto día da lúa en oblación,
aloulados co pan do sacrificio
e a man de maxestoso almafi
verterá gotas de viño e sangue
no altar en que vive o caxigo
para que a vesania da loucura inmensa
sexa refectorio do sacrificio.

2º Premio *Poesía*

RAQUEL FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Nacín nun pobo das Rías Baixas Pontevedresas e a pesares de non adicarme profesionalmente a nada relacionado coas letras estas sempre formaron parte da miña vida. Escribo dende nena e son unha lectora voraz dende que teño recordos o que marcou a miña relación coa literatura e a poesía.

No contorno da vida cultural viguesa e arredores participo en diversos recitais e actos culturais relacionados coa poesía e a escrita dende fai varios anos, ademais de contar coa publicación de varias das miñas obras en antoloxías literarias e revistas poéticas.

Entre os premios que tiveron a ben outorgarme destaco os seguintes:

En Novembro do 2015 fun premiada co primeiro premio do Certame “Mensajes a un maltratador” polo Ayuntamiento De Madrid.

En maio do 2016 resultei finalista no III Certamen De Poesía da “Asociación Cultural Habla” da cidade de Valladolid.

Xa na miña terra logrei o primeiro premio de poesía da “Asociación de veciños do Calvario” (Vigo). O segundo premio de poesía da “Asociación Cultural de Mañufe” (Gondomar). Ambos con motivo do día das Letras Galegas do 2016.

En Marzo do 2017 recibín o primeiro premio polo “V certame de microrrelatos das mulleres progresistas de Vigo”. En Marzo do 2019 resultei de novo premiada co “primeiro premio de microrrelato das mulleres progresistas de Vigo” e en maio dese mesmo ano recibo o segundo premio do Concello de Vitalba polo Certame de Microrrelatos co gallo do día do libro.



Às veces soño coas olas

Raquel Fernández Fernández



Ameazaban as ondas brincadeiras
con mollar os pes,
con bicar as dedas
e o corpo deitado na area
diciá:

A ver si agora se achega,
a ver si agora me acerta
e co arrouto da marea
leva isto que sobra,
leva isto que aperta.

A ver si desta me atopa
aquí na praia disposta
e comprende
que non agardo máis desexo
que sentir como a auga salgada me enterra,
decatarme de que con ela se van as faltas,
que arrastra as miñas penas
e acadar o acougo que me escasea
no mar da miña terra.

Asáltame o día
deixando a pegada na area.
Doe esta mañá fría
no borde dos teus beizos de auga.

As veces soño coas ondas.
Ondas que iradas traban a Praia da miña memoria,
ondas ameazantes que me recordan que non me confíe,
que non perda un minuto desta vida delirante.
Co seu atronador ruxido desafíanme, provócanme,
cólanse polos meus oídos, baixando lixeiras polo meu corpo,
enchendo de sal os pliegos da miña ánima.
Percórrenme de arriba a abaixo nunha marea encarnizada,
arrasan bos momentos ao seu paso,
afóganme de escuros recordos do pasado.
E só oio o seu murmurio, a súa cruel letanía, dicindo:
“A felicidade non existe, o fermoso remata”.
Entón esperto axitada e atópote a miña beira.
E choro..... mentireiras ondas pola miña cara.

Na cova do silencio o mar agochado.
Na cova emboscado o son do mar bravío.
Na cova do silencio o son do mar badueiro.
Na cova refuxiado o mar repousado.
Ao acubillo do tempo agarda un segredo,
o balbordo das ondas que fuxen do medo.

Mudar en ría,
mollar ao fin o vestido,
bicar con boca breve
a cadencia que me leva,
derramar o corpo ao caer dun solpor
no abrazo dunha nova marea
e cos ollos pechados
comprobar que cheguei a destino,
que agardaba por min

Ás veces soño coas ondas
Raquel Fernández Fernández

este estraño mar impasible,
para acollerme entre as súas augas,
para anegarme no seu abrazo,
para corromperme no seu torso inconmensurable
e afogar o medo a vivir
nas súas bágoas.

E para mostra
o pequeno botón puntiagudo
do teu inexistente sorriso,
nesta noite de espuma e saloucos.

Mécese unha gamela
co arrollo seguro da manciña do vento.
Medra no peito
o anhelo dun tempo de sosego,
os risos algareiros
que ficaron para sempre calados,
os xogos na área
baixo as unllas gardados,
os agarimos primeiros
que procuramos con sede salgada.
Non hai sol fatureiro
que cargue cos alborozos xa pasados,
nin tardes de verán
que arrecendan como aquelas da infancia,
nin sal, que cristalice nos beizos
como en aquelas antigas tardes na praia.

E entre o argazo
perdín o anel de casada,
agora pertéñzote a ti
que me fas o amor entre as túas bágoas.

Accésit Poesía

MARÍA DE LOS ÁNGELES RIVADULLA QUEIJEIRO

Programadora-Analista de Aplicaciones durante 26 años.

Aplicaciones estándar y a medida para un gran abanico de clientes.

Desarrollo y mantenimiento de aplicaciones para banca en el CPD del Banco Pastor.

Cofundadora de DISMACOR

En el año 2002 junto con mi marido y algunos padres más, ponemos en marcha la Asociación para personas con diversidad funcional (DISMACOR).

En lo referente a la poesía

No hay mucho que decir, escribo desde pequeña y como muchísima gente, lo hacía sólo para mí. Hace unos años sentí la necesidad de compartir con alguien más lo que escribía y empecé por enseñar algunos poemas a mi círculo más íntimo de amigas. Evidentemente valoro mucho su opinión, pero reconozco que son un público muy entregado. Por este motivo, me decido a dar un pasito más y presentarme al XXV EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTE RODRÍGUEZ LÓPEZ. Tengo que decir, que me ha hecho mucha ilusión el resultado, me anima a seguir compartiéndolas, porque para mí escribir las además de un placer es una necesidad.



Ecos do silencio

Maria de los Angeles Rivadulla Queijeiro

ECOS DO SILENCIO

Aprendín a escoitar os silencios
a inventar tantas verbas soñadas
a saber o que piden teus ollos
de mirada esquiua
que as veces me falan.

Aprendín a achegarte o meu peito
só pa que sintas sin ecos que enganar.
A entregarte en apertas a vida
quedando ambos quedos
envoltos na maxia.

A quen escoita nos silencios
cando as verbas non lle falan.
A quen ve sin ter que ollalo
e pode sentir na distancia.

Pobre reino dos sentidos
si nada pode ver na nada
si nada escoita nos silencios
nin sinte a dor
dunha bágoa.

SEGREDOS A VOCES

Por qué me falan teus ollos
de tristura e soedade?
Por qué cala a tua boca
cando debería falare?

Por qué non vexo as tuas bágoas
mais eu sinto como choras?
E me doe o corazón
polo penar que no teu mora.

Será que a tua vida moldea
como o barro o artesán?
Será que brincas a capricho

de quén a antollo faite chorar?.

Fuxe nena do seu lado
non fiques queda o seu carón
soterra fondo ese pasado
onde o medo chámanlle amor.

Doado é quedar pillada
nesa tea de araña que tece
como manxar que non se merece
quén non te soubo respetar.

Rematou o fin a tua ceguera
a que dor de amor disfrazaba.
Luz e vida voltou sen nó
da venda que te cegaba.

Agora ves con craridade
sen venda que te condene
xa voltas ceibe voar
Orgullosa de ser mullere.

SOEDADE

Bagoas do corazón
é a compañía da soedade
como é a friaxe do panteón
como é a penumbra da oscuridade.

Non sentir ningún apoio
o tropezares no camiño
non sentir ningún alento
o ser incerto o teu destiño

Caer,
sen poder erguerte
chorar,
sen ningún consolo
berrar
tirada no solo
por Deus
vide, axudade.

Escoitar a tua propia súprica
devolta polo mesmo eco
sentir o baleiro meirande
sentir só un oco no peito.

Non latexas coma antes
non repicas xa de ledo
bágoas do corazón
ecos dos sentimentos.

FALSA ROSA

Á busca fun
de soños prohibidos
ata illas de deuses e trasnos
Flotei entre nubes de aromas
falsas rosas
de espinoso talo.

Paguei con sangue o sosterte
sen atopar xeito de abandoarte
pola contra canto mais me ferias
mais forza facía
pra non soltarte.

E chegou non chegar teu aroma
para aliviar tantas feridas,
cando oín dun cabalo branco
que mil ditas prometía.

Agora percorre as miñas veas
danándome mais co talo.
Desexo o fin escapar
a ese galope desbocado
desandar esos camiños,
aínda que non desande
o xa camiñado.

Accésit Poesía

CIRILO LUIS ÁLVAREZ

Vinculado al mundo sanitario en el cual desarrolla su labor profesional.

Con inquietudes literarias desde la niñez, es miembro de la Asociación de Escritores de Madrid y autor del poemario editado en Diciembre de 2018, “Porque la noche te envuelve”, editado por Notting Hill Bookshop y que en este momento está en su 2ª edición.

Al tiempo, es colaborador semanal desde hace un año, de Onda Cero Radio Alcalá, ofreciendo una crítica ácido-social de los temas de actualidad en clave de poema.

Publica una crónica social desde hace meses en la revista local de su ciudad denominada “Muy de Alcalá”.

En su perfil de redes sociales, destaca su cuenta de Instagram @ciri57 que cuenta en la actualidad con 9000 seguidores .

En breve, verá la luz su 2º poemario, una incursión literaria crítico-ácido -social, cuyo título es “ Reflexiones de la última calada “ y al tiempo, el primero de una serie de libros para niños de 6 a 12 años, cuyo título del primer volumen es “ Leo, Troy y el misterio de la cueva de las brujas de caramelo”



El sendero del poeta

Cirilo Luis Álvarez

HOMENAJE A PARADELA

En escudo de oro, una cruz de Santiago,
recuerda el paso de peregrinos
del camino francés a Compostela
por su territorio.

Acompañada en punta
de dos castaños de sinople.
Mantel de azur cargado a diestra,
de campana de plata
rinden honor a San Miguel
y siniestra de una mitra de oro
representando al Monasterio de Lolo
Al timbre, corona real cerrada.
Majestuosa.

A dos colores azul y amarillo su enseña
y al centro la misma cruz del santo,
abraza el tronío y la raza
de tan lucense concello.

Su nombre proviene del latín parata
es Ribera sacra y alto en el sendero.
Albergue y posada.

Tierra y barro de monasterios
milenarios y árboles autóctonos
y frondosas riberas de rios,
que invitan al descanso.
Gozando siempre camino,
entre la depresión del Sarria
y el majestuoso valle del Miño.

A todo visitante,
hasta los pájaros le hacen un guiño...
para que pare y atienda
a recreo y descanso.

De sus festejos,
celebraciones patronales
en Septiembre el tercer domingo,

la feria de ganado,
martes de carnaval o san Isidro en Mayo.

De su amplia gastronomía,
el cocido con repollo y grelos
la ternera gallega, la castaña
o el pulpo y los vinos
hacen las culinarias delicias a cualesquiera
hijo de vecino.

De sus gentes, gentileza y nobleza,
el honor en la sangre, orgullo de estirpe
y raza de la tierra.
Por favor vengan, amigos,
queridos peregrinos no calcen remilgos,
hagan alto en la senda.
Reposen calzado, ruedas y hasta espuelas
y visiten Paradela.

Ya todos sabemos que alto en el camino
levanta arrojo y coraje
y repone las fuerzas.

Con brazos tendidos y abiertos
y llenos de prebendas,
a todo bienvenido viajero,
pagaremos su gesta.

PRIMAVERA

Despertar de los sentidos
en silenciosos arco iris que cobijan la luz
mientras despierta la urbe a la lucha de los sentidos
y el perfume de la tierra..

Lluvia arrecida y ventiscas
que asolan en almizcle y guirlache

amaneceres del alma
hinchida de inquietud y vida.

La magia ensordecedora
del brillo del astro
sumida en murmullos ahogados del pecho
preso de anhelo y relente reposo
en tierna lujuria-

El despertar del planeta
en su esplendor sobre la hierba
resaca de rocío y nostalgia...
apresan el gemido enamorado
del corazón
en la época ataviada
con el lujurioso goce de los almendros en flor ...

El gozoso amanecer de los sentidos
y el embravecido afilar del alma
con dagas de pasión alocada
subliman sensibles la primavera
en la mitad de la tierra.

La fuerza del corazón
ataca el alma sesgada
y la libra de mil batallas
mientras ella enjaulada en fieles suspiros
que la delatan,
brama cariacontecida
al vaivén del soñar de una pizarra
en donde garabateados te quiero
presumen en nostalgia del amor sincero
olvidado en las letras del trovador
que tenaz y enamorado de su brillo
la guarda.

Primavera .

Mención de Honra
Poesía

JOSÉ MANUEL BREA FEIJOO

Vigo, 1957. Licenciado en Medicina e Cirurxía (1980). Exerce coma médico de familia en Vigo. Ten sido premiado no «Certamen Iberoamericano de las Artes» polo relato corto *Lejos del desaliento* (II edición, 2010) e polo poemario *Entre las olas* (VI edición, 2014). Ten auto-editadas dúas novelas: *El último nocturno* (ISBN: 9781983329463), en 2018, e *La encrucijada del galeno* (ISBN: 9781729211380), en 2019. E dous libros de ensaio: *Guía de Humanidades Médicas* (ISBN: 9781980545354), publicado en 2018, e *Sonoridades clásicas. Ensayos musicales* (ISBN: 9781981097012), tamén en 2018. É ademais autor do blog «Medicina y Melodía» (<https://medymel.blogspot.com.es/>), iniciado en xaneiro de 2009.



Escintileos sonoros
José Manuel Brea Feijoo

1

PRELUDIO

Adoito...

esculco nas penumbras quimeras esvaecidas
á espreita de miseras frangullas

mallo feitos nas eiras imposibles
peneirando o ruín sen atopar tesouros

navego escuros mares expandidos
que obsesivos naufraxios acubillan

fico no estío aterecido e teso
espido con roupaxe mesta

coido estar só na multitude
preto de todos lonxe

ulisco pétalos da forma efémera
no misterio ensumido crendo o que non é.

Luar semella abrente
prendido nun sonoro escintileo.

2

SCHERZO

Difícil é ollar alleos ollos
estragadores da harmonía repousada.
Provocadores de fatídico lume
de incontrolables taquicardias que alporizan
de crispantes escordaduras mandibulares.

Mención de Honra
Poesía

Abondan lurpias mentes
prestas a desequilibrar arquitectura e natureza.
Os contra-ecoloxistas
dadores do *feísmo* inaudito.

Fixéronme crer que a barbuda muller era belida.
Asumín que a fermosa feitura encabuxaba.

Espertei e mandeinos ao inferno:
«Queimade a mala fe! Queimádevos vós mesmos
xa que nada deixastes!».
(A facer xogo aló co innomeable.)

Sen aturar experimentos vans e despropósitos
aberto espazo onde expandir o ser...
O ar é de cristal e o mar pode presumir
de variable e único feitío.

3

ADAGIETTO

**Engurras abatidas
as pálpebras mirradas e rendidas**

os ollos sen dicir
acochada a lingua en voluntaria cárcere
as portas coma espadas.

Que medo e que inseguridade a condenar?
Coitado e indeciso...
Que estulta regra obrigou a acatar contracorrente?
Escravo sen cadeas —taciturno—
sen paredón e sen mordaza.

Non clarean solporizados beizos
vagarosa ledicia non alborexa.
Xa morto en vida.

Dereitos son deberes
praceres un martirio...
E aparvado palidez
en impotencia silandeira que corroe.

Babeco consumido na axitada quietude:
Carga a baioneta de carraxe!
Mais sen asañamento.

4

ALLEGRO MAESTOSO

Baixo un ceo de brandos cúmulos
os pasos rexeitando a sombra...
Enchidos dun solsticio rubicundo
os ollos aman novamente
e o peito enaltecido abre as portas sen cobiza.

Lévame o pracenteiro encanto
coas brancas nubes viaxeiras
alén de azuis espazos que engaiolan
ata tremeluciente arcano inefable.
Feliz luminescencia... A dita aperta o tempo!

Neste día translúcido —de cuarzo—
Estamos a principios de setembro de dous mil dezanove, nove anos e unha semana despois. Esta vez foron un sobriño e a súa moza os que me trouxeron ata o Cebreiro; desde alí comecei antonte o Camiño de Santiago. Eu teño nove anos máis e certo é que se notan, no entanto atópome nunha forma física axeitada para acometer este desafío que hai case unha década, as circunstancias impediron rematar. A diferenza daquel ano, esta vez deducía que o número de peleríns había de ser moito menor, aínda que polo que podo comprobar segue habendo moita xente, tanto andando como en bicicleta, a pesar que o verán está a piques de rematar. Como daquela, a primeira etapa finalízoa en Triacastela e pernocto no albergue. Ó día seguinte, vou ata Sarria pasando por Samos, deténdome no seu enorme mosteiro, edificio cargado de historia e ó que eu viñera parar nunha convivencia hai máis de sesenta anos. Nada que salientar destes dous primeiros días. Adoito camiñar só, a pesares da pila de peleríns que me atopo ó longo do Camiño. Vou absorto nos meus pensamentos e non cheguei a ter excesivo roce co resto de camiñantes. Non estou canso, atopándome en forma para continuar.

Na terceira etapa, atravesaría Paradela. Así, paso o sinal que indican os cen quilómetros ata Santiago. Evidentemente, está no mesmo lugar que estaba hai nove anos e unha semana. Chego a Ferreiros, xa en Paradela, e a emoción vai medrando. Venme á mente que preto de aquí foi o primeiro amor de Manuela, mellor dito, o da familia dese mozo. De novo, aínda que cun sorriso, sintome celoso igual que se fose un rapaciño. Fago unha parada e dou conta dunha froita e bebida a carón do albergue. Igual que cando viñera coa miña muller, ségueme a fascinar esa carballeira; unhas árbores, os carballos, tan nosos, tan propios e que se están extinguindo ó longo e ancho de Galicia, sendo substituídos por outros chegados das Antípodas que en apenas dez anos xa valen para vender, pero cunhas consecuencias para a paisaxe e para o medio ambiente moi discutibles, ademais de arderen con relativa facilidade. Pero é o que hai.

Continúo e aproveito para visitar a igrexa de Santa María, cargada de historia, que delicadamente me narrara Manuela, facendo gala dos seus coñe-

cementos na materia. Un templo este que no pasado chegara a ser hospital para os peleríns que o precisasen. Observo a portada románica e si, agora valoro a súa grandeza e de novo, pechando os ollos, escoito a Manuela explicándome naquel verán de dous mil dez os detalles da construción desta igrexa. Cóstame seguir. Cada paso é unha lembranza e a dolor mingua as miñas forzas para proseguir a marcha. Máis continuo coa andaina, pasando agora pola parroquia de Francos, onde está o mollón 96. Certa dureza neste tramo, mais non estamos en inverno e non chove, polo que non serve de desculpa.

A patir de agora, tocará descender ata chegar á localidade de Portomarín, onde o famoso encoro fixo que quedase anegado o antigo pobo, construíndo un moderno na zona alta, onde se asentaron os veciños, que trasladaron pedra a pedra da súa igrexa para ubicala no centro da vila. Atraveso varios lugares, como Moimentos e Mercadoiro, antes de entrar na parroquia de Cortes. Lembro que foi entre ámbalas dúas aldeas onde nos atopamos con James, un escocés que levaba varios anos vivindo na zona. Fixera o Camiño e decidiu quedar aquí. Adquiriu unha vella casa que rehabilitou de forma magnífica, sen ningunha dúbida. Os coñecementos de inglés da miña muller permitiron ter unha conversa fluída con el, un tipo do máis interesante. Era algo máis novo cá nosoutros e tras unha vida traballando nunha multinacional en Edimburgo e logo do divorcio coa que era a nai dos seus dous fillos, deixouno todo e veu parar a estas terras do interior de Galicia, no concello de Paradela. De contado establecemos moi boa sintonía con este home. A nosa intención era chegar a Portomarín, xantar alí e pasar a tarde relaxadamente. Reservamos na Pousada, un establecemento hoteleiro de tres estrelas, o máis antigo do pobo e no que estiveramos anos atrás Manuela máis eu. Pero o señor James Gallagher, así era o seu nome completo, insistiu tanto, tanto en convidarnos a comer con el en Parrocha, o lugar onde tiña a súa xeitosa vivenda, que non fumos quen nosoutros de rexeitar o convite. O escocés estaba moi contento, porque despois de varias noivas que tivera logo do seu divorcio, por fin atopara unha coa que quería compartir o resto dos seus días. Unha muller maravillosa e moi *beautiful*, dicía el, que a coñecera había un ano cando ela estaba tamén facendo o Camiño, pero que tiña un defecto moi grande, era inglesa. Pero no amor, ó igual que na política e na guerra, todo vale. E o escocés non podía deixar pasar a oportunidade da súa vida e Susan – así se chamaba ela- viría vivir con el a Paradela, a pesar das súas orixes inglesas. Ninguén era perfecto, adóitase dicir. A diferenza de Manuela, o meu inglés era dun nivel inferior a usuario, polo que o diálogo co noso anfitrión pola miña parte era moi xusto, xa que o James expresábase nun español moi básico, aínda que el alardeaba de ser quen de entender o galego que lle falaban os veciños do lugar. O noso anfitrión era un home moi chufón, demasiado fachendoso talvez, pero sen dúbida unha persoa de mundo, moi interesante, curtida e que decidiu que o seu presente e o seu futuro estarían ligados a estas terras de Paradela, na parroquia de Cortes, nunha aldea cun nome curioso, Parrocha.

O destino levoume a Paradela
Pablo Veiga López-Castelo

Foi xusto aquí, a pouco máis de tres quilómetros para chegar a Portomarín, logo de despedirnos de James Gallagher, quen marchaba de inmediato para Sarria realizar unhas compras, xa que nun par de días retornaría a súa maravillosa e *beautiful* moza, Susan, desde Inglaterra. Apenas puxemos as mochilas ó lombo e demos os primeiros pasos, cando de repente Manuela detense mentres eu continuaba; dou a volta e observo como ela, dous metros atrás, enfoca a mirada cara min durante tres, catro segundos como moito. Uns ollos que, nove anos e unha semana despois están cravados na miña memoria. Manuela caeu ó chan de forma fulminante. Un grupo de peleríns que viñan varios metros atrás achegáronse de contado. Unha delas era enfermeira, italiana, que se desviviou por tratar de reanimar a miña muller mentres chamabamos a emerxencias. Non houbo nada que facer. Manuela sufrira un colapso e a morte fora instantánea. De contado chegou unha ambulancia medicalizada, mais non había ningunha solución. Era o final.

Apóíome nun valado e deixo as alforxas no chan. Síntome derrotado, porque sigo vendo a Manuela aí tirada, con aquela comprometida enfermeira xenovesa que estivo un cuarto de hora masaxeando o seu corazón xa inerte. Aínda viusalizo a manta que unha veciña trouxo para tapala, mentres me ofrecía unha cadeira para que sentara ante o meu abatimento. Nunca esqueceréi aquel xesto de humanidade e apoio por parte de toda a xente, os peleríns que viñan camiñando; non houbo un que non me dera un abrazo e que non presentasen os seus respectos á compañeira que xa non podería seguir camiñando para cumprir o obxectivo de chegar a Santiago de Compostela. O persoal daquela ambulancia, que lamentaban non poder facer nada. Os dous xoves axentes da garda civil que se personaron no lugar. E aquela señora maior, que xunto ó seu marido, non sabían que ofrecerme nuns momentos nos que eu me atopaba paralizado. Poderán pasar ducias de anos, que endexamais poderei esquecerlo.

Creo que xa levo case media hora aquí apoiado e as imaxes daquela tarde de finais de agosto seguen na miña retina. Non reacciono; pasan dous mozos peleríns que me saúdan co típico *Buen Camino*, devolvéndolles un simple sorriso, porque non son capaz de artellar palabra. Miro para atrás e lembro a casa de onde saíra aquel matrimonio para atenderme no que foi o peor momento da miña existencia. Pregúntome que sería deles, porque pasaron nove anos e daquela xa me parecían ben maiores. Mentres estou absorto nos meus pensamentos, vexo vir cara min un señor con barba branca acompañado dun can de raza bóxer. De contado o identifico, é James Gallagher. Cando se achega, noto o paso do tempo no seu rostro, mais aínda o vexo en forma. Calculo que se eu teño setenta e cinco anos, el andará polos setenta.

.- Como era que te chamabas...?.- Pregúntame el, mentres me dá unha forte aperta, xa que me identificou de xeito inmediato, cunhas palmadas no lombo que chegan incluso a mancarme. O certo é que se amosa do máis efusivo. Emocióname o seu xesto e noto ó mesmo tempo que el ten os ollos chorosos.

.- Daniel. Chamábame Daniel.

.- E aínda te chamas, por que non cambiaches de nome.- Contéstame el nun perfecto galego, o que causa en min sorpresa e admiración.

Tampouco poderei esquecer a James Gallagher, o escocés que leva case quince anos vivindo en Paradela, nesta parroquia de Cortes, na aldea de Parrocha. Tras enterarse do acontecido, presentouse no hospital de Lugo, mentres eu agardaba que viñeran os meus familiares desde Tomiño, que tardarían máis de dúas horas e media, e mentres Manuela se atopaba no depósito de cadáveres. O procedemento nestas situacións é que lle practicasen a autopsia. James non se separou de min, incluso ofreceuse para levarme á súa casa para que eu descansase, rexeitando eu a agarimosa oferta pola súa parte. Logo dos burocráticos trámites de rigor, regresamos con Manuela nun coche fúnebre ó noso querido Sur. Alá celebramos o funeral, ó que o propio James viñera desde Paradela, no que non sería quen de calcular a cantidade de persoas que trataron de reconfortame. Incluso o cardiólogo que a operara, coñecido da miña muller porque unha filla del fora alumna súa. O doutor non atopaba explicación para o sucedido, xa que a evolución fora perfecta, sen ningún problema e non existían contratempos. Eu no meu interior non podía evitar reprocharlle que non fose quen de aventurar na última revisión que a Manuela lle quedaban uns meses de vida. Cheguei a odiar aquel médico, un magnífico profesional e unha persoa excelente, durante un tempo, ata que cheguei á conclusión que o destino ten moito máis poder que tódolos avances habidos e por haber.

Decidín incinerar a Manuela e gardar as súas cinzas nunha urna, que deixei nun curruncho do noso xardín, por detrás do invernadeiro, un lugar ó que non me atrevín a chegar en meses.

O escocés de Paradela deixárame unha tarxeta e díxome que cando quixese, podía ir á súa casa de Parrocha. Alí tiña unha habitación á miña disposición e tanto el como Susan estarían encantados de recibirme. No nadal, sempre me enviaban un correo electrónico para desexarme un feliz ano novo. Eu cumpría contestándolles e agradecéndolles o detalle, mais declinaba cortesmente a súa amable e sincera invitación.

James lévame para a casa; quere presentarme a Susan e de paso tomar un café e falar e pornos ó día. Como pasou o tempo ... nove anos. A vivenda do escocés e da súa moza inglesa mellorou ben desde aquela. É diferente, por dicilo dalgunha maneira, peculiar, pero moi acolledora e a verdade é que me resulta moi bonita. Comprobo que a compañeira do señor Gallagher é unha señora con atractivo; ten o pelo longo, completamente branco, de estatura media, os seus ollos son dun azul claro intenso e as súas faccións, agradables. Sen dúbida, unha muller moi guapa, que se conserva perfectamente nos seus sesenta anos que ten, tal e como ela me di.

O destino levoume a Paradela
Pablo Veiga López-Castelo

Tra-la morte de Manuela, a miña vida non foi doada. O primeiro ano, mellor dito, os dous primeiros, foron moi duros. Suminme nun pozo do que nada nin ninguén me facían saír. Non me quedou máis remedio que acudir ó médico para buscar remedio á miña desazón nos anti depresivos, aínda que non podía evitar unha teima para o colectivo, despois do que pasou coa miña muller. A extensa familia acompañoume desde o momento inicial. Todos eles, irmáns, cuñados, sobriños, curmáns, ... os veciños e amigos. Sempre contaba cun apoio, aínda que a falta de Manuela era tan grande que non atopaba consolación, por máis que todo o meu entorno insitia. Mais a vida continúa, ou mellor dito, ten que continuar, como lle explicaba nove anos e unha semana despois a esta simpática parella británica nunha aldea chamada Parrocha, da parroquia de Cortes, no municipio de Paradela, a máis de dous centos quilómetros do meu querido Sur, do meu lar. Pouco a pouco, máis ben, a partir do segundo ano, reintroducinme naquelas actividades que desenvolvía xunto a Manuela. Volveron as viaxes da terceira idade, a semana en balneario, as comidas familiares, as saídas á praia ou a algunha feira. Incluso tiven algunha ocasión de refacer a miña vida, mais non o fixen, a pesares de que a xente máis próxima me animaba a elo. E creo que a propia Manuela tamén lle gustaría verme acompañado e con motivos para volver sorrir. Pero non... Afíxenme paseniño á soidade dentro da miña casa e facer cousas por min mesmo, non só as que facía con ela antes do seu falecemento, senón outras distintas. Cursos de pintura e outras manualidades, de memoria e ata me puxen a estudar o inglés na academia dunha sobriña miña, que a abriu no mesmo pobo, logo de pasar cinco anos en Dubín. Probei a viaxar pola miña conta, en solitario, a destinos europeos como Praga, Budapest, París, os países bálticos, Londres; estiven nos campos de concentración nazis de Auswitch e Mauthausen. E percorrín Escocia, como ben lle expliquei a James Gallagher, nunha viaxe da academia de inglés precisamente había xusto un ano.

Susan, a muller de James, preparou un delicioso té, como boa inglesa que é, que compartimos os tres cunhas ricas pastas feitas por ela mesmo. Pregúntolles como está a ser a súa vida aquí todos estes anos e a resposta, de forma unánime, mirándose os dous ós ollos: Feliz. Ámbolos dous eran persoas de mundo, con vidas moi interesantes e de éxito, tanto a nivel persoal como profesional, cultas, con cadansúa traxectoria vital admirable. Mais ese destino do que falaba veunos xuntar nun lugar que para eles era máxico, nunha aldea cun puñado de casas, a varios miles de quilómetros das súas orixes.

Nas horas de conversa, porque logo do té veu o xantar, prolongándose a tertulia pola tarde no seu soportal, deu tempo a falarmos de todo. Pregúntolles polo matrimonio de persoas maiores que me atenderon no momento da morte de Manuela. Infórmanme que o señor morreu o inverno pasado e a ela levouna unha filla para Lugo, aínda que de momento está vindo as fins de semana.

.- Nunca esqueceréi como se desviviron por min naqueles momentos e

con que tenrura a señora tapou a Manuela cunha manta que trouxera da casa.

.- Si. Eran moi boa xente. Eu bótoos de menos.- Contéstame James, quen me narra cun ton de tristura o despoboamento que está a padecer a zona. Apenas existen nacementos e os pobos están quedando sen nenos e sen xente nova. Tan só hai vellos, coma nosoutros, di el, botando unhas gargalladas. Mais este sitio –continúa- é *really beautiful*.

.- Igual que Susan. – Digolle-.

.- Igual que Susan. – Corrobora el cunhas boas risotadas ás que tamén me sumo con cómplice delicia.

O meu plan era durmir en Portamarín, aínda que non tiña nada reservado. Malo sería que ou ben no albergue público ou nas variadas ofertas de aloxamento non tivese unha cama para min. E ó día seguinte, continuar a miña andaina e chegar, esta vez si, a Compostela e proceder a darlle o abrazo ó Apóstolo, que serían dous, un da miña parte e outro de Manuela, pendente nove anos atrás.

Pero James e Susan tiñan un plan para min. Esa noite quedaría con eles, na súa casa, nesa habitación que o simpático escocés me ofrecera cando eu quixese. Durmiría alí e ó día seguinte levaríanme de excursión, para amosarme as razóns polas que decidíu primeiro el asentarse alí e posteriormente a súa compañeira. O apego ó lugar era enorme e podendo vivir eles en calquera outro lugar do mundo, a elección estaba feita desde hai anos e resultaba evidente que era definitiva.

Logo de durmir como unha pedra, madrugamos e damos conta os tres dun potente almorzo: ovos, salchichas, froita, iogurt, café, leite, pastas, ... Había onde escoller.

.- Os bos costumes non se poden perder. E o almorzo típico escocés, tampouco-. Di James.

.- Inglés ... -. Replicalle Susan, remarcando a rivalidade histórica entre ámbalas nacións, que neste matrimonio tamén se reflicte.

Deciden facerme un *tour* por lugares de interese na súa furgoneta. Así o primeiro sitio onde me levan é o Miradoiro de Cabodevila, desde onde existen unhas fantásticas vistas de Portamarín. Baixamos do coche e dámos un pequeno paseo a pé, onde se constata a beleza que atesoura esta zona.

A continuación, outro mirador, este é o Cortes, onde podemos contemplar as reviravoltas do río Miño, este mesmo río que eu disfruto tódolos días aló onde se atopa a miña morada.

Seguimos a nosa ruta e chegamos ata a capital municipal. Aquí, segundo me explican os meus anfitrións, teñen os servizos imprescindibles, supermercados, farmacia, centro de saúde, ... Hai de todo, como eles mesmos confirman.

O destino levoume a Paradela
Pablo Veiga López-Castelo

Aproveitamos para achegármonos ó conxunto etnográfico da fervenza e do muíño do Cabo. Susan láise de que sendo tan bonito, a xente próxima non o valore como se merece. Certamente, é de postal ese muíño restaurado e a espectacular caída de auga en forma de fervenza.

Antes de regresar, tomamos un café na vila. Comprobo como tanto James como Susan son moi coñecidos e apreciados. Uns veciños máis deste concello do interior de Galicia, onde ese destino moitas veces caprichoso e incomprendible os trouxera, primeiro a el, e logo a ela, desde terras lonxanas, tan distintas pero ó mesmo tempo tan parecidas.

Eu quería continuar. Teño aínda catro etapas por diante e cumpría reanudar o camiño, precisamente no mesmo lugar onde o tiven que deixar nove anos e unha semana antes. Desde alí, xusto no lugar que se chama Parrocha, na parroquia de Cortes, no municipio de Paradela, miraría cara adiante e poríame a andar.

Recollo a mochila, póñoa ó lombo e despídome dos meus anfitrións. Ós tres nos pode a emoción. Unha forte aperta e o meu grande agradecemento cara a eles, prometendo vernos en breve, cunha visita que agardo en Tomiño para amosarlles a continuidade deste maxestuoso río Miño que vou encontrar nuns momentos.

Trouxen comigo un pedazo de Manuela. Dun botiño saco unhas poucas cinzas, parte das que seguen a estar na urna no meu xardín, detrás do inverna-deiro, e vértolas na cuneta onde Manuela dixera adeus á vida.

Continúo. Antes dunha hora, estarei en Portomarín, pero previamente visitarei a igrexa de Santa María de Loio, un templo do que Manuela tanto me explicara, polo que debo apartarme un pouco do Camiño para chegar ata alí.

Un considerable desnivel é o que me despide destas terras de Paradela, que sempre a min permanecerán unidas. Detéñome de novo e miro cara atrás. Respiro profundamente e non podo evitar un sentimento de alivio e mesmo de felicidade.

Penso en que a vida é un constante camiño, que percorremos de principio a fin. A min, ese destino tróuxome a un lugar do que moita xente marchou, pero que outra decide vir e quedar, construindo así o seu fogar.

Unha parte de Manuela queda aí para sempre. Eu volto para o meu Sur, mais acredito que voltarei. Teño motivos para elo.

Fin

Accesif Narrativa

ESTHER BAJO ÁLVAREZ

Esther Bajo es periodista, madre y amante de las palabras, los guijarros y la filantropía. Comenzó trabajando en Radio Nacional de España en León y, durante veinticinco años, escribió en distintos medios, de los que guarda especial recuerdo de Diario 16 Burgos, donde, durante algunos años, un grupo de excelentes periodistas, escritores y artistas, pudieron expresarse con tanta libertad como coraje. Su trabajo allí, además de una gran satisfacción personal, le valió algunos reconocimientos, como su inclusión en el Diccionario de la Cultura de Burgos del siglo XX o la publicación de un libro sobre el suplemento cultural que puso en marcha y dirigió, "Eldorado de Castilla". Durante los cinco últimos años ha vivido con sus dos hijas -Hiral y Rayani- en la isla mínima de Gozo, reaprendiendo a vivir tras la muerte de su marido, el periodista José Luis Estrada, y de su madre; escribiendo poesía y una novela, "Misterios Gozosos".



La doctora

Esther Bajo Álvarez

Después de darle las medicinas, me senté junto a su cama para leerle hasta que se quedara dormido. Abrí el libro, posé el marcapáginas sobre la colcha y miré su cara, asegurándome de que había ya desaparecido el rictus de dolor, antes de llevarte al mundo del hampa londinense del siglo XIX, en el que él pasó algunos de sus mejores ratos cuando era un niño y, como ahora, yo le leía su libro favorito antes de dormir. No sé qué le atraía tanto de *Oliver Twist*, ese niño maltratado por la brutalidad humana y la hipocresía social. Él, mi querido hermanito, fue un niño mimado por un padre, que veía en él a su digno sucesor, y una madre que dedicó su vida a dar cariño y platos suculentos a su familia.

“Una inmensa multitud se había congregado ya -leí en voz alta-; las ventanas estaban llenas de gente, fumando y jugando a las cartas para pasar el tiempo; la muchedumbre se empujaba, discutiendo y bromeando. Todo era vida y animación, excepto aquel lúgubre montón de objetos que se alzaba en el centro del lugar: el negro tablado, la horca, la cuerda y todo el horrendo aparato de la muerte”.

Alcé de nuevo la vista y me pareció estar viendo la misma escena: la cama que fuera de mis padres era ahora el lúgubre y horrendo aparato donde mi hermano moriría el día menos pensado, por más que previsible, de una larga agonía. ¡Cuántas veces -recordé- nos metimos los dos en esa cama, los domingos por la mañana, riendo y peleando por hacernos un hueco entre nuestros padres, hasta que mi madre, después de hacernos mimos y cosquillas, se levantaba a preparar el desayuno!

Después, la cama se quedó como ella misma dormida, con la colcha favorita de mamá que mantuve siempre limpia y bien estirada, pero vacía. A veces recuerdo haber entrado en la habitación y sentarme en la butaca que está junto a la ventana para mirar la cama e imaginar el contorno de mis padres dentro de ella, los dos de espaldas el uno al otro, la cara de mamá casi escondida bajo la almohada y los ronquidos de papá esparcidos por el aire pesado como las viejas cortinas granate, el enorme aparador de los abuelos, las tupidas y largas batas colgadas tras la puerta...

Sólo mi hermano y su cuñada ocuparon esta cama durante sus visitas, después de irse a vivir a Madrid, y entonces también mis dos sobrinos se metían allí, alborotando, para despertar a sus padres. Mi cuñada era también la primera en levantarse y reunirse conmigo en la cocina. No se le daba muy bien cocinar, la verdad, pero cómo culparla, trabajando sin descanso en ese bufete de abogados al que tardaba una hora en llegar desde el chalet que os comprasteis en Colmenar; criando a los dos niños -porque tienes que reconocer que tú en casa, mucho, mucho... no se puede decir que hicieras-, ayudándoles con los deberes,

llevándoles de aquí para allá... ¡Demasiado coche! Te lo dije -y perdona que me dirija ahora a ti, hermanito, y que interrumpa la lectura para hacerte este reproche, pero sabes que lo hago con cariño y, antes o después, debía decírtelo. No te culpo, desde luego, pero sabes que Malena nunca quiso vivir en ese chalet ni pasarse la vida conduciendo de un lado a otro de la ciudad; pero, claro, para ti fue más importante tener cerca el hospital en el que trabajabas y no me vengas con lo de que ella podía haber dejado el trabajo y dedicarse sólo a los niños, que para eso tú tenías un sueldo más que suficiente, que tú tenías el trabajo del hospital y el de la consulta y, por tanto, más que hacer que ella... Pues que sepas que a tu mujer no le convencieron tus argumentos -me lo dijo- y que yo creo que, a pesar de todo, hizo bien en mantener su trabajo, pero no en poner por delante tus intereses a los suyos. ¡Hala, ya lo he dicho! Pero no te culpo, no, eso nunca, hermano, que quede eso claro. Nadie tuvo la culpa de que muriera tan joven.

Aún puedo verla, inmóvil y aún bella como una estatua clásica, con sus primeras arrugas alrededor de los ojos y esos dos pequeños surcos sobre las cejas que le daban un aire como sorprendido. Ella no abandonó la vida en esta vieja cama de madera, sino en esa cama de hospital junto a la cual pasé meses, esperando inútilmente que despertara del coma en el que quedó sumida en una triste cuneta, dentro del destrozado coche en el que sonaba una de esas canciones tan alegres que le gustaban. Recuerdo cuando entrabas a visitarla, con tu bata de médico, y se te quedaba la mirada como perdida, siempre a horas convenidas que yo aprovechaba para ir a buscar a los niños al colegio, darles de comer, ayudarles con los deberes... Fueron años agotadores; sin embargo, tengo que confesarte que, a pesar de la pena por ella y por ti, los atesoro con la satisfacción de haber sido entonces lo más parecido a una madre que he llegado a ser nunca: una madre a la que nunca han llamado “mamá”, pero que no dejó de cumplir sus obligaciones maternas ni un solo día, y ello a pesar de que también tenía que cuidar de nuestros padres, a los que no tuve más remedio que sacarles de esta casa y llevarles a una residencia en Madrid, para tenerles cerca.

¡Qué años vertiginosos! Mi vida se derramaba entre la silla del hospital, el cuidado de mi hermano y de mis sobrinos, las visitas diarias a la residencia y los pesados ires y venires en el autobús. Mis únicos momentos de soledad eran por la noche, cuando todos dormían y yo aprovechaba para preparar las empanadillas que tanto le gustaban a madre o los pastelillos de canela que padre devoraba en el jardín sin flores de la residencia, sin saber ya que eran su postre favorito, pues la demencia se cebó con él antes que con mamá, aunque ella, inmóvil en la silla de ruedas desde que, aún joven, se le metió en el cuerpo ese

maldito virus, dejó el mundo primero. Yo estaba con ella cuando murió, tan silenciosamente como había vivido y quizá más feliz. En el cuarto sonaba la música de Charles Aznavour que tanto le gustaba y, mientras yo rompía a llorar, papá, inconsciente de lo que estaba sucediendo, me invitó a bailar; tenía esa mirada infantil que el Alzheimer le dio y a la que era imposible resistirse, así que bailamos un poco por el medio de la habitación, con mamá enfriándose en la cama y, espero, su alma flotando a nuestro alrededor, acompasada a los pasos del baile. Cuando terminó la canción, papá me limpió las lágrimas de la cara y volvió a sentarse. Yo fui en busca del médico para avisar de la muerte de mamá y papá me preguntó si ya me iba; le contesté que no, que sólo iba a buscar al médico y le di las gracias por el baile, pero él ya no lo recordaba.

Por aquel entonces yo estaba enamorada del médico que atendía a mamá, sabes? No era el primero, la verdad. No sé si recuerdas a ese amigo tuyo que llevabas a veces a casa cuando estábamos en Secundaria. Era un crío, lo sé, pero me gustaba muchísimo. No, tú ni lo sospechabas, claro; no sé por qué pero estoy segura de que si te lo hubiera comentado te habría parecido mal, pero el caso es que él me miraba de una forma muy especial y yo me ponía colorada cuando lo hacía y me daba rápidamente la vuelta, fingiendo que estaba fregando los platos o poniendo la lavadora o, sencillamente, murmuraba un saludo y me iba a hacer los deberes a mi cuarto. Una vez tu amigo entró en mi cuarto, sabes?; recuerdo que me pidió ayuda con las Matemáticas -no es por nada, hermanito, pero a mí se me daban mucho mejor que a ti- y yo le expliqué las tres formas de resolver los sistemas de ecuaciones de segundo grado con la voz entrecortada y la respiración tan agitada que creo que él se dio cuenta y me sonrió con una mezcla de dulzura y picardía que no he olvidado.

Luego, cuando me dejaron ya salir con las amigas, me gustaron algunos chicos y, aunque no te lo creas, no puedo decir que sea virgen. ¡No, no, no fue con Esteban, el único al que he podido llamar novio! Perdí la virginidad antes, con... bueno, ni te lo imaginas. Fue don Julián, el compañero de papá. Yo estaba en la cocina con mamá, haciendo la cena. Ella, en su silla de ruedas, pelaba patatas en la mesa de la cocina y yo batía los huevos. Don Julián dijo que había quedado con papá y que sentía haber llegado demasiado pronto. Mamá me pidió que le diera una bebida y él recordó que tenía que darle unos papeles a papá que llevaba en un sobre -“mejor se los dejo en su despacho, no sea que aquí se ensucien”- y me pidió que le acompañara. Nada más entrar en el despacho, cerró la puerta y se apoyó contra ella. Empezó a decirme... bueno, ya te imaginas, que me estaba convirtiendo en una chica preciosa, que seguro que tenía muchos pretendientes... Qué tenía yo...catorce años...? No, quince, acababa de cumplir los quince, porque justo había terminado la Secundaria. Aunque nunca

se me ocurrió contarle nada a nadie, jamás he olvidado ese día: su olor como a menta mohosa, su barba arañándose la cara y esa mano enorme con la que me tapaba la boca mientras, con la otra, me bajaba las bragas, apretándose contra la pared hasta que casi se me paró la respiración; ni el dolor, ni el asco. Cuando acabó y vio que sangraba se puso de mal humor y me ordenó que lo limpiara todo bien con su pañuelo. Yo corrí al servicio a lavarme y a llorar, mientras mamá me llamaba desde la cocina. Luego oí la puerta, la voz de papá, charlando animadamente con don Julián, y yo me sentía como en otro mundo, un mundo nublado y vacío. No, no lo he olvidado, pero tampoco he pensado mucho en ello y, si lo hago, sigo sintiendo la misma confusión y vergüenza que entonces. Muchos años después, cuando Esteban me tocaba, aún sentía esa aprensión, esa sensación de estar sucia.

Por aquel entonces, ¿te lo puedes creer?, yo ni siquiera supe por qué sangré. Me había dolido tanto que imaginé que me había hecho una herida, pues nada sabía del himen. Mamá no había considerado necesario contármelo aún y para cuando lo hizo, muchos años después, no sólo era ya innecesario sino que acompañó su explicación con una historia muy triste que, por supuesto, seguro que no te ha contado a ti, porque mamá era muy pudorosa e incluso cuando me habló de ello lo hizo con la misma rabia, pero también la misma vergüenza, que yo sentía por mi propia historia de la que, desde luego, tampoco entonces le dije nada a mamá. El caso es que ella, por supuesto, era virgen cuando se casó con papá y, como sabes, mucho más joven que él. Papá, de hecho, debía apreciar en ella, quizá más incluso que su belleza, el hecho de que fuera tan joven y, por tanto, inocente. El hecho es que, en la noche de bodas, mamá me contó que ella se puso el camisón en el baño y se metió en la cama; él apagó la luz, se desnudó y se acostó a su lado. Hicieron el amor sin que mamá recordara haber tenido ni orgasmo ni otra sensación que la extrañeza ante lo que ocurría y, cuando papá acabó, se fue al servicio para lavarse; mamá entonces se sintió mojada, encendió la luz y vio que la sábana estaba ensangrentada, así que, sin buscar explicación pero invadida por la vergüenza de haber ensuciado así la cama, se apresuró a retirar las sábanas blancas que la abuela le había bordado para el ajuar, y a sacar de la cómoda otras parecidas con las que sustituirlas. Así que cuando papá salió del baño mamá había rehecho la cama y, como no sabía qué debía hacer, fingió que dormía. Papá volvió a encender la luz, levantó la colcha y la sábana encimera y se quedó plantado junto a la cama, inmóvil, hasta que murmuró, amargamente, “¡no eras virgen!”, y se metió en la cama, sin tocar a mamá, que fingía seguir estando dormida. Me dijo madre que pasó mucho tiempo hasta que, hablando con una amiga, comprendió lo que había sucedido esa noche y que, con mucho esfuerzo, abordó el asunto con papá, intentando explicarle que sí era virgen cuando se casaron, pero que papá no la creyó. Y he aquí por qué,

si lo piensas, recordarás que nunca parecieron una pareja enamorada. Nosotros, como niños que éramos, pensábamos que era normal que nunca se dieran un beso ante nosotros o tuvieran un gesto de cariño, pero si lo piensas ahora, no era normal.

Yo creo, sin embargo, que el doctor y yo hubiéramos podido tener un matrimonio de enamorados. Desde luego, yo disfrutaba muchísimo de su presencia y creo que él también de la mía. Cuando llegaba a la residencia, él aparecía rápidamente, como si hubiera estado esperándome y dirigiéndose a mí entre todas las visitas: me acompañaba a la habitación de papá y mamá hablando sin parar. Como su estado solía ser siempre el mismo y, por tanto, no tenía gran cosa que decir sobre ellos, pasaba a otros temas de conversación, en los que siempre parecíamos estar de acuerdo, y una vez se acercó a temas más personales y me preguntó si estaba viuda o divorciada. No sé por qué, pero, de algún modo, ahí se acabó todo, cuando tuve que confesarle la única opción que él no había previsto: que estaba soltera. Por primera vez fui consciente de la carga de esa palabra y me sentí casi tan avergonzada como cuando don Julián me puso las manos encima o como cuando Esteban ponía ese gesto de fastidio si yo le apartaba, y es que su cara de extrañeza no era un cumplido, sino auténtica extrañeza, y yo me sentí como obligada a explicar por qué a mi edad seguía soltera, a explicar que no tenía ningún defecto grave, que yo supiera, por el que no haya conseguido ser amada lo suficiente, que no tengo ninguna enfermedad o tara... pero no lo hice. Corté la conversación con una excusa y le dejé plantado en el pasillo; él me siguió y, a cierta distancia, se excusó: "Siento haber sido indiscreto", pero su disculpa seguía teniendo ese interrogante, ese tono de sorpresa que requiere dar una explicación que yo no quería o no sabía dar, porque nunca la había pensado, nunca me había detenido a pensar por qué aún no me había casado... y entonces yo todavía podía incluir la palabra "aún", porque, en algún lugar recóndito de mi corazón, albergaba alguna esperanza que, creo, se acabó en ese momento.

Me daba miedo detenerme a pensar en ello y llegar a la conclusión de que no había conocido el amor porque no lo merecía, porque no soy ni especialmente guapa ni especialmente inteligente ni especialmente simpática, y preferí pensar que, sencillamente, no había tenido tiempo. Y en ese momento, cuando ese atractivo doctor se me acercó y, quizá, yo hubiera tenido tiempo de estrechar la relación, me volvió a acometer esa sensación de vergüenza que me replegó en mi misma; también cierta rabia porque, sabes?, pensando en ello me di cuenta de que daba igual si yo era o no especialmente guapa, inteligente o simpática, porque no he tenido muchas opciones de demostrarlo: ¡si hubiera podido relacionarme más con la gente en lugar de asumir la tarea de cuidar de

todo el mundo!, ¡si hubiera podido ir a la Universidad y tener un trabajo como el tuyo, ser la médica que siempre quise ser...! De nada vale lamentarse, verdad? La culpa es del tiempo que pasa tan rápido y que me hizo vieja antes de llegar a ser joven. Y alguna culpa habré tenido yo. Pero no toda. Tampoco te culpo a ti.

Creo que nací en mal momento. Cuando yo era niña quienes realmente importaban eran los adultos y cuando me hice adulta, quienes realmente importaban eran los jóvenes. Yo era una niña muy espabilada, recuerdas? Una vez... debía yo tener once o doce años... le puse letra a la Sinfonía del Nuevo Mundo, y nada menos que en verso. Se lo conté a mamá y me dijo que “muy bien, estupendo”, pero cuando le propuse cantarle la sinfonía con mi letra me dijo que le dolía un poco la cabeza, que mejor en otro momento, y nunca más se interesó. Le llevé entonces el cuaderno a mi tutora y, antes de comenzar la clase, se lo enseñé y le dije: “Mire, he puesto letra en verso a la Sinfonía del Nuevo Mundo, le gustaría verlo?”. “Sí, claro”, me contestó ella, y dejó el cuaderno sobre la mesa del profesor. Allí seguía cuando la clase terminó y ella se fué, olvidando por completo recogerlo. Lo hice yo, me lo llevé de vuelta a casa y lo tiré a la basura. Hoy, estoy segura, hubiera recibido todo tipo de adulaciones y a lo mejor hasta premios y entrevistas. Aunque, ¡quién sabe, a lo mejor ese trabajo era una basura!, pero lo que no merecía era tan absoluto desinterés.

No, tampoco es que me queje. Os he querido mucho a todos, a toda mi familia, y me habéis dado mucho cariño. Pero reconoce que yo he puesto algo más de mi parte que los demás. Al menos, algo más de lo que has puesto tú, que has llegado a viejo con justicia, recibiendo por cada esfuerzo su recompensa, y sin haber mirado nunca al fondo de mis ojos, los de tu querida hermana mayor, a la que siempre has alabado por ser tan buena, tan sacrificada, tan servicial, pero nunca por ser inteligente o atractiva o interesante; nunca por ninguna de las cualidades que tú mismo tienes y que yo tuve algún día, pero que, de un modo u otro, han ido enfriándose, como la lava, convirtiéndose en una fea piedra oscura, en ceniza que nadie aprecia.

Me robasteis el tiempo, hermano, y qué otra cosa más valiosa tenemos? ¡Y ni siquiera creo que os dierais cuenta! “¡Menos mal que no trabajas -me dijiste un día- y que no tienes familia!”. Como si mi tiempo realmente os perteneciera, como si fuera un consuelo justo que os lo diera. Me sentó mal, muy mal. Quizá no sea éste el mejor momento, cariño, pero tenía que decírtelo. Me dolió que me dijeras eso, porque hasta ese momento yo sentía que sí trabajaba y que sí tenía familia. Ya sé que te referías a lo que llaman tener una familia propia: marido e hijos, vaya. Pero es que yo quería... yo quiero a tus hijos como si fueran míos y te diré que no creo haber sido menos madre que la propia. Así que nues-

tros padres, tus hijos, tu pobre mujer y tú mismo érais mi familia, no menos propia que lo hubieran sido el marido y los hijos que no he podido tener. Y trabajar?, te parece poco trabajo el que hacía, cuidando de todos vosotros?

No dije nada ese día, pero ahora te lo digo. Antes de que te vayas para siempre tengo que confesarte que yo hubiera querido ser tú. No te acuerdas ya de quién pidió a los Reyes el juguete de anatomía? Pues fui yo, aunque te lo trajeran a ti. Desde esa mañana, cuando desenvolviste el paquete con tu nombre y encontraste dentro el juguete que había pedido yo, he creído que había una especie de designio divino, una orden del destino, en el hecho de que papá te empujara a estudiar Medicina y seguir la saga familiar, mientras que a mí, la hermana mayor, me negara el derecho de ir a la Universidad para poder ayudar a mamá con la casa. Papá incluso sonrió cuando le dije que tenía vocación de médico, que también yo tenía ese gen que les convirtió a él y al abuelo en tan reputados doctores. Y fue una sonrisa de condescendencia, y qué es la condescendencia sino menosprecio. Y no lo entendí, sabes?, no pude entenderla porque yo era una buena estudiante, así que la achaqué a ese secreto destino que me indicaron los Reyes Magos y que sólo los padres pueden comprender. Ahí empezó todo. Ahí, creo yo, se torció mi vida.

Así que tú habrás curado a mucha gente, no te digo que no, pero ya ves, yo os he cuidado a todos. También a ti. Y no quiero mentirte: cuando tú te vayas, me jubilaré... por decirlo de algún modo. Es muy tarde ya para muchas cosas, pero tú hija me lo dijo el otro día: "tía, nunca es tarde para tomar las riendas de nuestra propia vida". Y lo he estado pensando. He estado haciendo balance y me he dado cuenta de que, por mucho que pese el platillo de las oportunidades perdidas, de los seres ausentes, del tiempo gastado o malgastado, el platillo de la vida siempre equilibra la balanza. No te preocupes: no voy a liarme la manta a la cabeza e irme de discotecas o a buscar amantes por Internet, ésa no sería yo. Y yo quiero, por fin, ser yo misma. Doy mi carrera de Medicina por cumplida pues, aunque no pudiera hacerla, creo que ya he puesto bastantes inyecciones, curado bastantes heridas y diagnosticado suficientes catarros y atendido a pacientes en mi vida. Así que me jubilo de doctora, enfermera y auxiliar. Voy a aprender otras cosas y a conocer gente -¿quién sabe si a enamorarme otra vez!- y viajar y moverme y participar... Voy a jubilarme de mi ser familiar y a convertirme en un ser social... no sé si comprendes lo que quiero decir... a aprovechar el tiempo que me quede antes de postrarme en esta cama junto a la que, probablemente, no habrá nadie para cuidarme, para hacerme compañía, para contarme sus confidencias o leerme un libro.

Y no quiero agobiarte más, así que seguiré leyéndote. Por dónde iba? Sí, aquí: "Todo era vida y animación, excepto...".

Accesit *Narrativa*

PATRICIA TORRADO QUEIRUGA

Licenciada en Filosofía pola USC, máster en museoloxía e museos pola UAH, máster en xestión cultural pola UPO e Experta en Conservación e Restauración do Patrimonio pola UAH.

Leva colaborando dende 2009 con diversos xornais a nivel galego.

Premio de microrrelatos “Día da Muller” do restaurante Los Molinos 2017.

Premio de poesía poemas antiespecistas “V Aniversario do Santuario Vacaloura” 2018.

2º premio microrrelatos Semana Sen Fronteiras do Casino 1889 en 2018.

1º Premio microrrelatos Día do libro do concello de Vilalba 2019.



Roxanne

Patricia Torrado Queiruga

*Roxanne, you don't have to put on the red light
Those days are over
You don't have to sell your body to the night
Roxanne, you don't have to wear that dress tonight
Walk the streets for money
You don't care if it's wrong or if it's right...*

*Roxanne
(Sting)*

Capítulo I

Sinto como o sol da mañá vai despregando o seu máxico efecto sobre a miña pel e o seu alento morno chega como faisca en ofertorio para bañarme coa súa énea luz. Lémbreme tanto aquelas mañás dos meus sete anos a roldar entre as favelas acabadas de espertar, cos primeiros acordos dos mandatos da mae, cantaruxando nun portugués que agora fago tanto de menos...

De meniña soñaba con ser enfermeira, médico, ou mestra, máis para min a experiencia da escola foi algo fuxidio, aprendín a ler soa, pois non fun máis que unha semana a unha casoupa coma a nosa na que meniñas e meniños estabamos amoreados, na que os soños escapaban polas xanelas cheas de fendas e nas que a realidade ao igual que a goldra se pegaba na epiderme para engoumarnos a vida. A semana na que o santeiro viu ver a miña mae, souben que aquilo non pintaba ben, pois todo canto lle escoitei falaba de relixión, de fe, de vontade, mais non de remedios dos que se mercan nas boticas, e creo que se falase de medicinas nós tampouco poderíamos mercalas. Os días que seguiron, a que nos dera a vida a min e os meus oito imáns arrincou un fio de voz que tremelicaba nos seus beizos para dicirme todas as cousas das que tería que encargarme cando ela faltase, que sería moi pronto. Recoller as pitas, para que non nolas levasen os veciños, conseguir alimento, e coidar dos máis pequenos, que eran seis, catro deles de dous partos de xemelgos e que aínda había pouco que aprenderan a asoar os mocos coa manga da camisola. Xogaba cunha boneca feita de trapos e palla cando lle preguntei, arrelada pola responsabilidade, que ía facer cando se esgotase o sustento, cando non quedase máis que levar a aquelas famélicas bocas que non facían máis que minguar as nosas provisións a base de enviar sen mastigar. Saberás como actuar, me dixera, mentres a súa ollada cristalizada pola morte quedaba prendida das miñas mans orfas.

O noso pai morrera por unha bala perdida nunha liorta de narcos ás portas da nosa rúa, e era o que podía, dun xeito ou outro, traer cartos á casa, amais de facerlle crianças a mamá. Ela vendía o leite dos seus peitos cando aínda o seu pequeno apoxaba as mamas buscando o celme que lle roubaban, aleitando os fillos da clase media brasileira, boa era a ambrosía que o seu corpo deitaba, que médicos, enfermeiras, mestras e enxeñeiros se nutriron do que outros non coñecemos, por iso eles estudaron, por non ser mortos en vida.

Capítulo II

—Bo día, rapaces, que temos hoxe de novo? —dixo o sarxento Ferreiro ollando o cadáver que tiña enfronte, sobre aquel asfalto que comezaba a que-

cerse cunha rapidez asombrosa; hai veráns en Ourense que semellan doutro país.

—Sigo sen entender como te refires a este equipo en masculino cando somos maioritariamente mulleres, pero as taras veñen de serie neste corpo infestado de condutas patriarcais —atallou a cabo primeiro Froxán.

calzado austero, gabán con esclavina; cobra calma para escuchar mi cántico
al Sendero”*

.- LOA AL “CAMINO DE SANTIAGO”

“Camino de Santiago”, senda viva
vencedora del tiempo más remoto,
rosario de leyendas, de arte coto,
trasiego de cultura rediviva.

Paradela se muestra persuasiva
y alentadora para el fiel devoto.
Al hablar de este viaje, ¡cómo noto
que mi amor se recicla y se incentiva!

Senda que no ha nacido de repente
y tiene en Francia el punto de partida,
vía privilegiada del creyente,

por multitud de seres compartida.
Roncesvalles apunta hacia Poniente
y el alma empieza a estar estremecida.

II.- SALIDA

Vela conmigo, hermano, que despier-
tos
podremos contactar en lontananza
con los ecos que en aras de alabanza
sobrevuelan poblados y desiertos.

Ten los ojos del alma bien abiertos,
nutre el zurrón de fe y de confianza
y hagamos con amor, con esperanza,
este Camino de ideales ciertos.

¡Vuela conmigo, goza pormenores
en nuestro itinerario emocionante!
¡Disfruta, compañero, los valores

y observa su hermosura dominante
mientras paladeando sus sabores
entonamos: “¡Santiago y adelante!!”

III.- PRIMERA ETAPA

El Camino Francés lleva a Santiago,
laberinto de amor es su Camino
pues le ofrece la Tierra al peregrino
un mar de arterias como justo pago

a las del Santo Pescador del Lago
marchitas en terreno palestino
desde donde cumpliendo un plan divino
arribó a España en su destino vago.

Mira al Camino, ruta venturosa,
cita para el abrazo jacobeo,
ventana hacia la tumba en que reposa

el vástago mayor del Zebedeo
artífice en la pesca milagrosa
del mar del territorio galileo.

IV.- SUCESIVAS ETAPAS

Se anuncia un nuevo sol, surge la au-
rora...,
los espíritus andan de rodillas...
Hemos cruzado llanos, montes, villas,
ya estamos en la tierra que enamora,

que el Jacobeo Féretro atesora,
la de las gentes dulces y sencillas
donde dejan de ser ocre-amarillas
sus tierras verdes donde el cielo llora.

Terrón de indescriptibles emociones,
que lacera sin fin mi pobre pecho
y hace estallar mi gozo en tierno canto;

que me ensancha la fe como un barbecho
mientras van discuriendo los cantones
que más y más me llevan hasta el Santo.

V.- COMPOSTELA

- "Fue Santiago el apóstol más ferviente
en propagar la fe de Jesucristo".
- "¡Detente, compañero, porque he visto
en el cielo una estrella refulgente!".

- "Es el efecto de tu anhelo ardiente;
a creerlo del todo me resisto".
- ¡"Es un Campo de Estrellas!, mira -insisto-,
¡¡Hemos llegado a Compostela!! ¡Tente!,

que diviso la egregia arquitectura
que guarda el Cofre de su gran memoria;
del Santo Apóstol veo la figura

y me atrevo a decir sin vanagloria,
(mientras mi alma se anega en la ternura),
que ante el Pórtico -estamos- de la Gloria!".

Pensando en "El Camino de Santiago"

Eumelia Sanz Vaca

VI.- ANTE EL SEPULCRO

Ya estoy ante la Urna arrodillado
y mi oración entono fervoroso;
al rezar a Santiago, ¡qué reposo
percibe mi sentir enamorado!

EL AÑO JACOBEO me ha llevado,
a impulsos de su imán tan poderoso,
por un bello Camino venturoso,
ruta gentil hasta el lugar sagrado.

Itinerario que mi fantasía
hizo llegando al ancestral Sendero
para ver al Apóstol que traía

un mar de luz sobre su candelero.
que por siempre alumbró a la tierra mía,
suelo que en recibirte fue el primero.

VII.- PLEGARIA

¡Oh. Señor, Santo Dios, que has conducido
nuestra andadura torpe y vacilante
hasta el viejo Sepulcro palpitante
de Santiago, tu Apóstol preferido!

¡Cúranos, que tenemos malherido
el corazón, y el ánima sangrante,
galeno celestial, acompañante
del peregrino que en tu fe ha crecido!

Tú que ves el fervor que me enajena
guía mis pasos con sabiduría
para poder volver con vida plena

y contarles todos mi alegría
y esta gran emoción que mi alma llena
y me acompaña al despertar el día!

Mención especial
Camino de Santiago
2º Accesit

FRANCISCO ROZADOS RIVAS

Francisco Rozados Rivas, nado en Forcarei no ano 1963. Licenciado en Xeografía e Historia pola USC.

Obras publicadas:

- **Memoria de Trasdомonte** (Edicións Fervenza, 2003)
- **Raiolas no faiado** (Sotelo Blanco Edicións, 2008)
- **O Bestiario máxico do abade** (Edicións Fervenza, 2011)
- **Lumière de nós. Chano Piñeiro ou a teima dun soño** (Edicións Fervenza, 2020)

Premios:

- **“CAMILO JOSÉ CELA”** de Narrativa (2001) –XII edición– pola narración **“Unha campa na congostra de Rebordechao”**
- **“REIMÓNDEZ PORTELA”** de Xornalismo (2001) –VI edición– pola colaboración xornalística **“Ler ou non ler, esa é a cuestión”**, publicado na Voz de Galicia.
- **“ANXEL FOLE”** (2º premio) de Narrativa (2006) –VIII edición– pola narración **“A Muller que non comía”**.
- **“MANUEL ORESTE”** de Narrativa (2006) –XI edición– pola narración **“Raiolas no faiado”**.
- **“CONCELLO DE MARÍN”** de Narrativa (2006) –IX edición– pola narración **“O Empeine, ou o misterioso caso da tumba profanada”**.
- **“XOÁN DE CANGAS”** de Novela Curta (2006) –I edición– por **“O transparente, cronosférico e omniglota segredo de don Amaro Loureiro e a súa alma perdida e recobrada”**.
- **“ANXEL FOLE”** de Narrativa (2008) –X edición– pola narración **“O Bestiario Máxico do Abade Eliseo”**.
- **“INSIGNIA DE OURO DA ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA TERRA DE MONTES”** (concedida, polo labor cultural desenvolvido, na xuntanza anual celebrada o 5 de agosto de 2012).



O fado dos Romariz

Francisco Rozados Rivas

*En chegado a Santiago
e logo despois que fago?
En chegado a Compostela
e despois de vela a ela?
Uxío Novoneyra*

*... xa coñeces que en canto cheguemos a Compostela
serán perdoados todos os nosos pecados, mesmo aqueles
que nin sequera coñecemos. (...) Pois ó final da nosa viaxe
verémonos a nós mesmos como nenos acabados de nacer.
Veremos o invisible.
Jesús Torbado*

*Non s'intende peregrino se non chi va verso la casa
di sa'Jacopo...; chiamansi peregrini in quanto vanno
a la casa di Galicia, però che la sepultura di sa'Jacopo
fu piú lontana de la sua patria che dalcuno altro apostolo
Dante Alighieri*

*Cando chego a Santiago fico asombrado, marabillado. Aínda
hoxe en día, cada vez que entro na cidade chego coma un babeco...
percorro todo en soidade e gústame entrar e saír polas súas rúas,
plantarme diante da Catedral e mirala e mirala...
Álvaro Cunqueiro*

*É a lúa que baila na Quintana dos mortos
Federico García Lorca*

Cando un non soña ó durmir que diferenza existe entre o sono e a morte? Xacobe non soñaba nunca. Tamén lle arrefiaba escoitar o latexo do seu corazón, porque lle lembraba decote que o tempo da súa vida estaba contado. Era unha premonición.

Xacobe Romariz nacera nunha casa de dous andares da compostelá rúa da Conga no chuvioso inverno de 1886, o mesmo ano no que Montero Ríos fora elixido deputado polo distrito de Santiago de Compostela. Xa Nona elixira o fío que Décima había tecer da súa vida, e elixírao como brevisima parte daquela cidade e naquela rúa tan próxima á catedral, acaso como sinal do seu destino. Pasou a nenez escoitando como a *Berenguela* esmiazaba monotonamente as horas e os días.

De mozote perdía tardes enteiras sentado nas escaleiras que separan a Quintana de vivos da Quintana de mortos. Para el non había nada que se puidese comparar á sensación fermosamente melancólica que o invadía naquelas es-

caleiras que simbolizan o tránsito, a baixada da vida á morte na que se retratan as grandes peregrinacións. A praza da Quintana era un recinto máxico a ollos de Xacobe, un espazo sorprendente onde desembocaba o río de romeiros que ían aparecendo paseniño pola Vía Sacra e que o deixaban marabillado cada día coma se fose o primeiro no que os vía chegar. Esta teima pola praza da Quintana tornouse case un selo persoal. Se os lugares poden ter alma, aquela praza era a alma xemelga de Xacobe Romariz.

Pasou a nenez e a adolescencia alternando estes rituais da mirada curiosa e soñadora coa escola e cos xogos de rillote. Na escola non brillaba moito, pero tiña facilidade para a escrita, e iso contribuíu a lograr a amizade do mestre don Xesús, que tiña certa vocación de novelista, relegada no faiado das obrigas máis perentorias e alimenticias. Con el pasaba tamén horas perdidas na procura dun afecto que lle faltaba na casa, pois os pais de Xacobe nunca foron verdadeiramente uns pais agarimosos e desvelados pola súa prole. Co mestre don Xesús adquiriu non poucos coñecementos que logo desbaldiría en conversas de pouco fuste e de ningún rendemento, pois, conforme foi medrando, a bebida converteuse no gran baldón de Xacobe Romariz. Pronto se deu a tal vicio, e bebía coma se a sobriedade fose un delito merecedor do patíbulo. O seu estado facía que moitas veces non se lembrase de cousas que tiñan acontecido na súa vida recente, pero tampouco lle importaba moito tal circunstancia. Ó cabo, a memoria tamén está feita de esquecementos, así que iso non lle impedía durmir, aínda que ó durmir non soñara nunca.

Tamén probou sorte coa música da zanfona, tan só para comprobar, como saben os destros intérpretes deste fermoso instrumento, que un se dedica a metade da vida a afinala para pasar a outra metade tocando desafinado. Pasou tamén moitas horas, de día e de noite, tocándoa nun cuarto da súa casa dende o que se podía ollar a catedral, que seguía sendo a súa musa.

Ós vinte anos casou cunha lánguida rapaza do Burgo e fixolle un fillo coma quen bota unha partida de truco, non sendo que esta dura algo máis e dá algo menos traballo. Tamén levou as culpas doutras chocadas de tras da silveira, mais o que é tiruleco pouco vén a xuízo, que e o mesmo ca dicir que non recoñeceu ningunha.

Cando a súa teimuda afección polo viño llo permitía traballaba nunha tafona da rúa do Vilar que rexentaba un vello panadeiro armado de paciencia e sabedoría –non doutro xeito se entende que non aferrase polas lapelas o Xacobe e o puxese no ollo da rúa para os restos–. O vello arrastraba, polo demais, unha tusigueira sospeitosa de ser mal maior e botaba de conta que, para o que lle quedaba neste val de bágoas, non se ía complicar a vida por meter en verea a ninguén, e menos a un discrepante porfiado e malasombra coma Xacobe.

Púxose despois a traballar, coma moitos picheiros, na construción da Facultade de Medicina, baixo as ordes dos arquitectos Arbós e Isidro de Benito. Alí botou, mal que ben, ata a década dos vinte, entrado el na trintena e o seu

corpo en barrena polas cardianas e as xoldas das noites. Cando lle deron porta non sabía moi ben a que se dedicar para gañar un patacón.

Pronto se veu tamén metido en leas e liortas de chispas, lambetazas e demais fauna nocturna de tortos andares polas rúas lousadas arredor da catedral. Tiña mal sangue e peor ollo á hora de meterse en sarillos e, deste xeito, foise construindo unha boa nómina de inimigos. Para a súa desventura, tivo a cativa fortuna de dar cun zapato que lle fixo bocha. O zapato chamábase Rómulo Loureiro e tiña peor sangue ca el. A cousa foi quecendo e rematou peor ca mal, cos dous factores decote á retesía. Rómulo –por algo verdadeiramente noxento e abominable que Xacobe tiña feito e que nunca chegou a transcender– xuroulas unha noite de bebedela nunha rancia taberna da rúa do Pombal que despachaba mercancia insalubre tras un prólogo de ameazas e adeallos. Durante unha hora longa alagou o corpo de licores navalleiros e foise por Xacobe, que aínda seguía a matar a súa obstinada sede noutro garito da rúa do Vilar. Asestoulle cinco coiteladas ó tempo que lle dicía:

–Malfadados sexades ti e todos os teus descendentes ata o Xuízo Final

E Morta, a terceira tecelá das vellas Parcas, tronizou de súpeto aquel efémero e enguedellado fio co tempo xusto para que Xacobe tentara achegarse ás escaleiras da Quintana, ficando cadáver na Quintana de mortos.

Nin moita xente tivo no seu enterro –era home de poucas amizades– nin moito se debullou en bágoas a súa viúva. Polo demais, Xacobe seguiu concorrendo os mesmos lugares que frecuentaba en vida, porque é sabido que os mortos acostuman facer a outra vida nos mesmos lugares en que desenvolveron a primeira. Os vivos non os vemos, porque vivos e mortos camiñamos en territorios estremados, pero eles non caen na conta de que non os vemos.

Xacobe ficou unido a Compostela e ás súas rúas molladas pola embigueira da nostalxia. Un morto ten máis nostalxia cós vivos, a súa dor é máis forte e non ten remedio, porque a dor, esa arbitraria débeda que os humanos temos non se sabe con quen nin para que, aínda é máis intensa de morto, e a nostalxia non deixa de ser unha dor que se olla no espello do pasado.

O tempo fai das nosas lembranzas borralla e ruína, mais nin de mortos renegamos das topografías que nos viron buligar en vida. Por iso Xacobe volvía pasar horas *mortas* nas escaleiras da Quintana, horas e horas agora sen medida e sen preocupación, horas de verdadeira e continua contemplación. No fondo poderíase dicir que era o que tiña desexado sempre en vida: pasar dese xeito as horas e que o tempo non existise ou non fose real ou non se tivese en conta. Anulada a escrava medida do tempo a *non existencia* ben podía ser outra cousa, perfecta en cada momento de plenitude, porque todo ía ser pleno conquistado *ese tempo sen tempo* da eternidade.

Polo que toca ós descendentes de Xacobe, houbo un goteo de mortes temperás e violentas que seguían un patrón semellante de leas e pendencias. Todas foron dando en traxedia porfiada e localizada. Todas se produciron na

Quintana de mortos, coma unha predestinación. Fillo, neto, bisneto, todos foron sucumbindo ó pé da catedral e por arma branca. A mala fada do verdugo inicial atopou continuación noutras puntillas manexadas por mans habelenciosas na morte, coma mensaxeiras do fatal destino.

E chega o *fatum* a Xoán Romariz, tataraneto de Xacobe. Este ano, a pouco tempo para a chegada do Xacobeo 2021, é unha boa ocasión para facer o Camiño de Santiago. Polo menos a Xoán, santiagués de nacemento coma todos os Romariz, así llo parece. Busca, quizais, purgar un mal que persegue a súa caste como a escuridade da cova persegue a luz do abrente, acaso por esa conciencia de pecado que dá orixe a todas as peregrinacións, a experiencia trágica e atroz da culpa, neste caso dunha culpa xenética e imposta, coma un segundo pecado orixinal. Ben saben os teólogos que a penitencia, no seu senso radical, non consiste nin máis nin menos que nunha xusta actitude fronte ó pecado.

Malia que Xoán é agnóstico hai unha carga moral nas súas costas coa que non pode e que non se explica moi ben a si mesmo. Como tampouco ten moi clara a solución decide botar man daquilo que lle resulta máis entrañable e familiar: Santiago e o Camiño de Santiago, dúas realidades que o confortan dende neno, de igual xeito que leva dentro, tamén dende neno, ese destino asignado e cruel.

É unha elección. Non sabe moi ben por que, pero elixe facer o camiño. Elixir o futuro que nos ha converter en presente leva consigo renunciar ós infinitos futuros posibles, que xa non serán, e a anguria que provoca o feito de que, elixindo, renuncia un a todos os demais. Xoán, ben que inconscientemente, renuncia a todos os demais por ver se se impón ó destino trágico que decima a súa caste. Por iso se decide a ultimar un camiño que vén ser unha agonía, unha loita rebelde contra unha determinación inflixida e incriminatoria.

Comeza o camiño en Roncesvalles. A Xoán aínda lle aquece máis a aventura despois de coñecer a lenda que fala dun home desafuzado pola medicina que morre ó chegar a Santiago. En realidade xa estaba morto e fixera o camiño morto, pero o Apóstolo déralle a oportunidade de revivir para a andadura, co obxecto de que o puideran ver os outros peregrinos e conversar con el, pois xa dixemos que mortos e vivos andan en territorios que non se encontran. Cádralle a historia á súa mente soñadora e sempre desexosa de leas fantasiosas e insólitas.

Polo demais, Xoán, como bo Romariz, é un chisco tarambaina. Ama a vida e a xolda, e ama tamén o viño. Parécelle o alcohol un método de discernimento cultural e de esexese do mundo insubstituíble. Pensa que os que nunca beberon non poderán chegar a saber xamais que caste de animal de artificio somos o *homo sapiens* dende aquela remota viaxe do deus Dionisos ás afastadísimas terras do Indo na procura do viño, elemento sagrado que tanto contribúe a nos separar da zooloxía. Tamén ignorarán sempre, ó seu entender, o sopro á

imaxinación creativa, o amolecemento das timideces e a pompa de dozura e de xentileza coa que o viño engalana a quen o respecta e o estima, como nos deixou sabiamente escrito Carlos Barral. Xoán, levado do viño, traduce con fidelidade e con donaire de idiomas que descoñece absolutamente; bota parrafeadas, e con froito, con efixies irrealis que nunca foron nin serán nunca modeladas, permuta relevantísimas novas sobre o recente e o pretérito do mundo cos Romariz falecidos hai anos. Segundo a súa opinión, o viño beatifica, en certo modo glorifica, trocando o ser do mundo polo que debera ter sido. Por que, xa que logo, vai renunciar a el? E, porén, a desmedida facundia que lle provoca o viño tentlle procurado tamén perigosos intres de liortas e de confusións con outros do gremio de Baco.

No camiño coñece xente e experimenta esa sensación neta de aventura. Como peregrino está obrigado a adiviñar os atallos, a esquivar os camiños esgrevios e intransitables, a evitar as inseguridades e minorar os baixíos que puidesen frustrar a meta ansiada, Compostela. A aventura é, en certo modo, transcendente. A paraxe faise engaiolante, verdísima, zumarenta e virxiliana. A viaxe tamén é unha viaxe no tempo: as pontes, igrexas e catedrais construídas polos devanceiros son unha resposta á natureza. A natureza escribe con árbores e ríos, o home constrúe camiños e catedrais. Todo se xustapón para alicerzar este milagre, este perfil inefable da espiritualidade. Os antigos crían que o Camiño de Santiago pasaba polo ceo e que o da terra non era outra cousa senón o seu reflexo.

O peregrino busca o milagre. Dióxenes buscaba un home; Colón buscaba un continente; o astronauta busca un mundo –o universo ensanchou un pouco dende que os filósofos gregos, hai vinte e cinco séculos, ousaron supor que o sol era máis grande que Grecia– e o peregrino comezou e segue na busca do absoluto. Por iso o camiño supón unha aventura prodixiosa. Os anos xubilares teñen unha orixe que se inscribe na ciclloxía tradicional que rexe a historia da humanidade e nos grandes ciclos cósmicos que rexen o universo. Compostela entra de cheo na categoría do tempo cualificado, do tempo sagrado.

A viaxe no verán é unha viaxe polas soidades; polos campos enfeitados de amarelo; por regatos e barrancos que conviven con vereas fragosas; por territorios que abafan polo peso do seu pasado; por edéns do románico máis sorprendente e do gótico austero das citas catedralicias; polo rostro hospitalario dos seus paisanos; por campos perpetuos e alboradas vacilantes. Agárdano a un romanzas de ventada e carriza; corgos nas sementeiras; recendo a pedra sombriza; o primeiro arume da xesta; ese bafo de señardade que esconden segredamente os loureiros; a esperanza do viño entre as videiras; a troba matutina dos mertos e a cadencia durmida no preguiceiro espertar dos vilares.

Os primeiros peregrinos pisaron a terra virxe como se pisa a uva no lagar, para obter o viño exquisito da comunicación co numinoso, é dicir, co sacro. Cada día no camiño é para Xoán unha pequena homenaxe á humanidade na que a cultura recende e a natureza comunica, e as dúas se irmandan perfectamente nunha

harmonía cósmica. Nas pedras vedrañas das igrexas e das catedrais nótase o escoupro dos canteiros, primeiro, e o vello escoupro de Cronos, despois. Entre os dous vanlle conferindo á pedra o seu aspecto, coma un anaquiño de conxelada eternidade para gozo dos mortais. Parte coas pedras sacras da abadía de Roncesvalles e segue coa tallada madeira da porta da basílica da Santa Trindade de Villava; o claustro eterno da catedral de Iruña; as silandeiras rúas de Puente la Reina; as sombras adurmiñadas das rúas de Viana; as quedas augas do Ebro en Logroño; o fermoso tímpano do antigo hospital de peregrinos de Navarrete; o mosteiro de Santa María la Real de Nájera; a impasibilidade eterna e vertical do rolo de Azofra; os campos verdeamarelentos de Santo Domingo de la Calzada; as lanzais agullas da catedral de Burgos; as sacras ruínas do convento de San Antón de Castrojeriz; as entrañables rúas de Boadilla del Camino; a imponente presenza de San Martín de Frómista; o frontispicio da igrexa de Santiago en Carrión de los Condes; os corpos equilibrados de San Tirso de Sahagún; as vidreiras coloreadas da catedral de León; as poeirentas vereas de Astorga; a cruz de ferro do alto de Foncebadón; as solemnes murallas do castelo de Ponferrada; a austeridade da igrexa de Santiago en Villafranca del Bierzo... e, por fin, as atávicas pallozas do Cebreiro, o lamazal de pedra onde Galicia abre a súa porta ó aire para que vaia entrando e se volva brétema. A chegada a Galicia aínda xera nel unha maior satisfacción, o pracer ancestral de arribar de novo a este vello país celta no que o tempo afondou os camiños, os peitoris e os rostros, onde todo nos semella arcaico, doutra idade. Non é de estrañar que neste noso país as encrucilladas de camiños tivesen sempre certo carácter sacro, funerario, demoníaco ou máxico, en certo modo unha intuición do infindo, do insondable.

E prosegue o camiño no treito final: as brumas mestas do Padornelo; a lousa dos teitos de Triacastela; a esvelteza das nereidas da fonte de Samos; o balbordo das augas na Ponte Áspera de Sarria; a tripla arquivolta da fachada de Santa María de Ferreiros... e pouco máis adiante outro sino do seu futuro próximo: o cemiterio de Francos, onde hai soterrados vellos restos de peregrinos, quizais algún deles ben notorio e rodeado dun ignoto misterio que o tempo non foi quen de desentrañar. Iso espertou a xa de por si incansable curiosidade de Xoán, e por iso demorou máis do previsto por ver se era quen de atopar máis datos dos que a tradición dispón, mais non puido esclarecer moito por máis que se empeñou. Proseguiu logo camiño e recomezou a súa ruta: a Virxe do Amparo de Laxe; a orde de Santiago presente en Santa María de Loios; as campás mergulladas de Portomarín; as amortuxadas policromías da igrexa do Salvador en Vilar de Donas; as anchas arquivoltas da igrexa de San Pedro de Melide; o vigoroso equilibrio do Claustro dos Peregrinos en Sobrado; a ansiada inminencia do Monte do Gozo, onde as torres da Catedral xa se apropian da retina... entre a gloria e Xoán xa só haberá pedra, a arcaica pedra compostelá e o miúdo orballo, tan choroso que remata por verdear as caras demudadas dos camiñantes.

E chega –Vía Sacra abaixo, como mandan os canons– á Quintana de vivos despois da súa longa peregrinación. A noite vaise apoderando de Com-

postela. Continúa, atravesando a Quintana de mortos e logo as Praterías. Baixa pola rúa de Fonseca e chega ó Obradoiro.

El non o sabe, pero vaise atopar –no cíclico cruzamento temporal de azares e destinos que o lector coñece ben– coa súa propia morte. Xa advertimos que Xoán sempre foi algo bocapodre e xurafaz. Nun só intre funesto desencadéase a traxedia: unha rifa na praza cun descoñecido de ollar aveso, unha palabra a contrapelo e o fio dunha coitela que penetra no seu corpo. Xa nada ten emenda. Sobea sangrando as escaleiras e accede ó Pórtico da Gloria. Alí, debaixo das escenas do *Xuízo Final*, Xoán Romariz pon o derradeiro e definitivo elo na cadea do fado que un día proferira o home que matou o primeiro dos Romariz:

–Malfadados sexades ti e todos os teus descendentes ata o Xuízo Final!

A hora fatídica converte os laidos en responsos mentres o enigmático sorriso do profeta Daniel na arquivolta da entrada se lle vai disipando da vista, inescrutable como o sorriso da Gioconda. Penetra no aire un son misterioso, coma se unha melodía ingrátida se apropiase do ambiente.

Xa Morta, a vella tecelá, está próxima a cortar de novo un fio máis, pero antes de que o derradeiro bafo de vida fuxa do seu corpo case exsangüe, cruza ranqueando –movido por unha forza insólita– o interior da catedral para saír pola porta das Praterías e chegar de novo, dando tombos, á Quintana de mortos.

O derradeiro Romariz vai requeneando entre dentes, seguido polos tráxicos espíritos dos Romariz que o precederan, un pertinaz retrouso:

Vagar polas rúas de Santiago
Eternamente molladas
Eternamente...

En San Paio de Antealtares comezan a acenderse varias luces. Dous espíritos moi antigos, con cariz de airexa tímida, comentan entre tenues sorrisos, ó ver o morto andante e a comitiva que leva tras de si:

–Vese que era alguén que viña de familia de cadáveres.

De súpeto semella avivecer e váiselles da vista. Non é máis ca unha sutil finta dos soños á realidade do destino. Pero ninguén engana a Morta, que corta finalmente o fio con man firme. O destino cúmprese, ben que por derradeira vez. Xa non queda ningún Romariz para renovar a órbita mortal.

Cadra coa hora en que todos os espíritos dos mortos da Quintana se erguen dos seus xacigos e compoñen un balbordo formidable que ninguén dos vivos oe con claridade, mais que perdura no ambiente coma unha sinfonía xorda e rumorosa, a xeito de benvída á fría eternidade.

Un silencio orballado e sombrío vai esvaecendo o halo da lúa, que baila unha vez máis na Quintana de mortos, allea á nova traxedia que pecha o círculo.

Mención especial
Camino de Santiago
Mención de Honra

NURIA ARMESTO LÓPEZ

Nacín en Paradela fai 28 anos, onde pasei toda a miña infancia. Realicei os estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade da Coruña e actualmente estou preparando oposicións.

Co mundo literario, máis alá dun pasatempo dende nena, tiveron os meus primeiros contactos ca literatura infantil, publicando en 2019 Un cuento para otoño, unha breve historia destinada ós máis pequenos, coa editorial BABI-DIBÚ.



Tan gallega como el Camino de Santiago

Nuria Armesto López

Finales de junio.

El verano todavía estaba empezando, pero el calor ya se había vuelto insoportable desde hacía un par de semanas. Tanto que los habitantes de Madrid no tenían más alternativa que permanecer en el interior sus casas hasta la última hora de la tarde, con las ventanas abiertas de par en par, tratando de captar una brisa inexistente.

En algunas zonas de la ciudad se habían prohibido las hogueras por causa de la ola de calor, pero eso no parecía ser impedimento para que aquella noche mucha gente saliera a celebrar el San Juan.

Desde la ventana de María se escuchaban el bullicio y las carcajadas de adultos y niños, así como la música de alguna lejana orquesta. Todo del mundo parecía feliz en una noche que para muchos simboliza el pistoletazo de salida del verano: el fin de las clases, el comienzo de las tardes interminables en El Retiro, las noches con amigos...

La chica bajó rápidamente la persiana. Aquello le resultaba insoportable. Tanto que si toda esa gente que se divertía en la calle pudiera reflejar lo que sentía, en vez de festejar estaría gritando de dolor. Empezó a dar vueltas sin parar por la habitación tratando de no pensar, pero tarde o temprano tendría que pararse a hacerlo, no había escapatoria.

Hoy había sido un día muy raro. Esta tarde habían enterrado a su padre tras luchar contra una enfermedad muy larga. Se trataba del punto y final de unos meses muy difíciles. Demasiado para una niña que apenas acababa de cumplir 18 años.

Llamaron a la puerta y entró su tía:

- Has terminado ya la maleta?- preguntó
- Casi...me faltan cuatro cosas...
- No te enfades con tu madre- dijo le la mujer cariñosamente- ya verás como esto va a ser lo mejor para las dos. Volveréis completamente renovadas- Claro – asintió María con una sonrisa forzada.

Begoña, su madre, había decidido que después del entierro las dos se irían a pasar el verano a casa de los abuelos, en un pequeño pueblo de Galicia.

A ella esto no le parecía demasiado bien. Bueno, en realidad no le parecía bien en absoluto. Bastante complicados se presentaban los meses venideros sin aun encima tener que pasarlos en un pueblo aislado de la mano de Dios, sola, lejos de sus amigos. Sin embargo trató de acceder de la manera más pacífica posible para evitar el conflicto con su madre; al fin y al cabo, el verano pasaba volando, pronto estaría de regreso en Madrid y empezaría la carrera de diseño.

Desde que María había nacido siempre habían vivido los tres juntos en Madrid, por lo que la chica se consideraba, al igual que siempre decía su padre “más madrileña que un bocadillo de calamares” (al recordar esto no pudo evitar soltar una sonrisita nostálgica). Por el contrario, su madre, gallega de nacimiento, recordaba muy a menudo de su infancia en el pueblo, sobre todo el pequeño albergue de peregrinos (el Albergue Xacobeo) que habían tenido siempre sus padres, por el que pasaban personas muy diferentes y de todos los lugares del mundo. De hecho, siempre que podía aprovechaba para presumir de que había aprendido a hablar perfectamente varios idiomas solo con echar una mano allí durante los meses de verano.

Ahora, la mujer se sentía desbastada con la situación. Al fin y al cabo ella se había llevado una de las peores partes. Había pasado los últimos meses prácticamente encerrada en casa cuidando de su marido. Lidiando con la impotencia, la rabia y la tristeza, cosa que había hecho una mella importante tanto en su carácter como en su físico. Siempre había sido una mujer muy presumida, pero ahora había perdido mucho peso y las ojeras y el pelo a medio teñir se habían vuelto sus más fieles compañeros. Pese a todo siempre trataba de parecer paciente y optimista. Un falso positivismo que enfurecía a su hija.

Antes de apagar la luz, María bajó la vista a su muñeca y vio la pulsera que le había regalado su padre cuando todavía era una niña. Tenía las letras de su nombre formadas por un especie de piedrecitas de colores, pero los años habían hecho que se rompiera la letra M-, así que en la pulsera ahora solo se podía leer -aría. En una punzada de tristeza tiró de ella fuertemente y la arrojó al fondo del maxi bolso negro que colocó encima de la maleta que acababa de cerrar. Mañana les esperaba un viaje largo.

Tras casi ocho horas de tren, Bego y su hija llegaron a la estación de Lugo donde las estaba esperando el abuelo con su furgoneta. Se trataba un hombre alto y corpulento, cosa que a simple vista contrastaba con su expresión extremadamente afable, la cual se intensificó aún más cuando abrazó a las chicas tan fuertemente que María sintió que la iba a estrujar.

Cargaron las maletas y en poco menos de una hora llegaron al pueblo. A María Paradela le pareció diminuto: solamente tenía “cuatro casas” y una gasolinera en la entrada.

El abuelo aparcó delante de una pequeña casa donde podía leerse “Albergue Xacobeo”. Sin embargo, debido al desgaste y al polvo que recubría el letrero, se podía intuir claramente que el local llevaba bastantes años cerrado.

El estruendo de la furgoneta alarmó a la señora que estaba dentro de la casa. Esta abrió la puerta bruscamente y bajó casi de un salto los dos escalones que la separaban de la acera. Era una mujer bajita, con media melena de color

Tan gallega como el camino de Santiago
Nuria Armesto López

castaño claro y ojos verdes. María pensó que la abuela tenía que haber sido muy guapa, y que mamá se parecía mucho a ella.

“ ¿Qué tal el viaje? Mucho calor, no?”. “Oh, María... has crecido mucho... toda una señorita... y qué?, menudos meses habréis pasado...pobrecillas...” Repetía la señora nerviosamente mientras apuraba al abuelo para que metiera las maletas de las chicas dentro de un salón tan pequeño como colorido, al que se accedía por la parte de atrás del viejo albergue. María respiró fuerte, deseando que el interrogatorio terminara cuanto antes y tratando de no pensar en los dos largos meses que tenía por delante.

Las semanas siguientes transcurrieron en Paradela sin pena ni gloria. Mamá parecía algo más animada entre los atosigantes cuidados y mimos de los abuelos. Había empezado a recuperar la afición por la cocina que perdiera a lo largo de los años y con la ayuda de la abuela pasaba parte de las tardes haciendo postres o platos muy elaborados. Ella siempre decía que cocinar la relajaba, pero que el estrés de la capital no le permitía disfrutar de ello. Otras tardes paseaba por el malecón del río con el abuelo o quedaba para tomar café en la cantina del pueblo con alguna amiga de la infancia.

María, sin embargo, pasaba las horas metida en la habitación sin mucho interés por conocer el pueblo. Allí, algunas veces vagaba por sus recuerdos, otras pensaba en qué estaría haciendo su mejor amiga Carmen y se aguantaba las ganas de bombardearla a whatsapps para no ser pesada. Sin embargo, la mayoría de ellas, simplemente se tiraba encima de la cama y miraba el techo blanco tratando de no ahogarse.

25 de Julio.

Aquel día de finales de julio, las dos chicas estaban sentadas en los escalones de la puerta de casa cuando a última hora de la tarde se les acercó un hombre.

-Disculpen – dijo - estaba buscando alojamiento para pasar la noche. Todos los demás albergues están completos y ya es demasiado tarde para seguir caminando...

Aquel hombre, que sin duda se había acercado atraído por el viejo cartel, no parecía el prototipo de peregrino que solía frecuentar el pueblo. Lejos de llevar ropa de deporte o bastones de senderismo, él se vestía una con unos vaqueros desgastados y una camisa de cuadros bastante pasada de moda. Tampoco llevaba una de esas mochilas enormes que parecen pesar unos 50kg, sino que solo sostenía en la mano un maletín donde apenas cabrían una o dos mudas a parte del portátil. Tenía barba y pelo canosos y a María sus ojos grises le resultaron familiares...tanto que se estremeció.

-Lo siento- contestó Bego - pero este albergue hace años que está cerrado...

Santi, que así se llamaba aquel tipo tan extraño, era escritor y estaba haciendo el Camino de Santiago con la esperanza de encontrar la inspiración y la paz necesarias para terminar su nueva novela. Tras una breve conversación y contra todo pronóstico, el individuo consiguió (tal vez debido a su su labia de hombre de letras), no solo que Bego accediera a acondicionar una de las habitaciones del albergue para que pudiera quedarse, sino que además, entre ella y la abuela también decidieron prepararle algo para que pudiera cenar.

A María le costaba asimilar ciertas costumbres de la gente del pueblo, tales como la extrema hospitalidad de abuela, que atiborraba de comida a cualquiera que se pasara por casa a la hora de merendar. Costumbre que parecía que su madre estaba heredando.

Apartó esto de su cabeza y cruzó dos calles para dirigirse al súper del pueblo donde compraría un par de ingredientes que les faltaban a las dos mujeres para preparar la cena de su nuevo huésped. Bueno, supermercado por llamarlo de alguna forma, ya que por fuera era una casa bastante antigua y por dentro poco más grande que su salón.

Cuando terminó de coger lo que necesitaba se dirigió a la caja y se puso a la cola. La cajera, una señora de unos cincuenta años, con voz cantarina, atendía a un chico que llevaba una caja llena de bocadillos. A María todavía no le había dado tiempo a preguntarse para que necesitaría semejante cantidad de ellos cuando uno se cayó al suelo y fue a dar justo a sus pies. La chica se agachó instintivamente para recogerlo y su mano rozó con la de él.

Lo primero en lo que se pararon sus ojos fue en la cantidad de pulseras que llevaba en la muñeca: algunas de cuero, otras de tela de colores, una del Camino de Santiago...También tenía la piel muy morena, algo que contrastaba bastante con la de María, que era más bien pálida. Su pelo era castaño muy oscuro, casi negro, al igual que sus ojos que se achinaron cuando respondió con una amable sonrisa al gesto de la chica. María lo siguió con la mirada mientras él salía del establecimiento y cargaba la caja en el asiento de atrás un pequeño coche rojo...

¡Es pequeño, pero créeme que bastante más rápido que la furgoneta de tu abuelo!

La niña abrió los ojos de par en par e intentó hacer que colocaba el pelo para disimular su nerviosismo. El chico no solo se había dado cuenta de que se quedara mirándolo como una tonta, sino que también sabía quién era su familia y posiblemente, dónde vivía. Se quiso morir.

- En este pueblo nos conocemos todos - aclaró el joven y sus ojos se achinaron de nuevo.

Aquella fue la primera noche desde la muerte de su padre en que María pudo pensar en algo diferente. Se metió en cama y se adornó tratando de re-

Tan gallega como el camino de Santiago
Nuria Armesto López

cordar cuántas pulseras llevaba aquel chico en la muñeca: alguna de cuero, otras de colores, una del Camino... Todo agosto.

El mes siguiente los ánimos comenzaron a subir. Santi, el peregrino escritor, todavía no se había marchado y tampoco parecía tener mucha prisa por hacerlo. Había hecho buenas migas con Bego, tanto que, escucharlos reírse cuando él le hablaba de las aventuras que había vivido o de alguna de sus novelas que nunca había salido del cajón, se había convertido en algo habitual. Ella, en cambio, compaginaba la cocina con la restauración del viejo albergue: cambiaba los muebles de posición una y otra vez, amontonaba en una esquina los que consideraba innecesarios o probaba en la pared distintos colores tratando de encontrar el adecuado mientras él le sujetaba firmemente la temblorosa escalera.

A María este hombre seguía sin darle muy buena espina. Y aunque algunas veces no podía evitar que le cayera bien (sobre todo cuando le contaba chistes malos o notaba que hacía múltiples esfuerzos para agradaarla), otras le volvía esa sensación de rechazo. Aquellos familiares ojos grises...

Con tantas cenas innovadoras que su madre y su abuela preparaban desde la llegada de Santi, las visitas de María al súper ya eran de lo más habituales. Tanto que se había hecho muy amiga de la cajera de voz cantarina. Esta siempre le daba a probar productos caseros cuyo sabor tenía poco (o nada) que ver con los que comparaba en las grandes superficies de Madrid: pan, miel, fruta que ella misma cultivaba...y, de paso, si podía también le soltaba algún consejillo sobre como secarales más partido a la hora de utilizarlos.

En el fondo, las visitas al súper eran lo que más la ilusionaba, ya que no perdía la esperanza de volver a encontrarse allí con...

¡El chico de las pulseras! Sí era él, y volvía a estar allí cargando una caja de bocadillos en su pequeño coche rojo.

Ese día tuvo la oportunidad de hablar un poquito más con él. Y el siguiente también. Y el otro. Y después de varios encuentros en el supermercado empezaron a quedar para ir a pasear y a la piscina. Él incluso le presentó a varios amigos que le cayeron muy bien y el verano en Paradela se hizo mucho más llevadero.

Se llamaba Marcos y era monitor de tiempo libre, de modo que los bocatas que cargaba todos los días eran la merienda del grupo de niños del campamento con los que organizaba juegos, actividades o rutas de senderismo a lo largo del río Loio.

Le gustaba mucho viajar y coleccionar pulseras: cada vez que visitaba un lugar que lo marcaba de forma especial, adquiría una nueva. Por eso llevaba tantas.

Cuando la chica le contaba los avances que hacía su madre con la reha-

bilitación del viejo Albergue Xacobeo, él se emocionaba y le contaba historias de lo bien que se lo pasara haciendo el camino hacia años y de cómo se prendara de la ciudad de Santiago al llegar a la Plaza del Obradoiro. Tanto que años después se había ido a vivir allí, enamorándose aún más de la ciudad: de la Alameda, de las calles empedradas y, no menos importante, de los locales de tapas donde a veces había música en directo. También sonreía achinando mucho los ojos cuando la chica le preguntaba cómo podía ser tan bonita una ciudad donde siempre llueve, y él la hacía ruborizarse susurrándole que eso la convertía en un lugar todavía más romántico.

Pese a todo lo que le gustaban viajar y la ciudad de Santiago a Marcos, él sostenía que ahora su lugar estaba en Paradela. Tenía pensado desarrollar un proyecto para evitar que cerraran la vieja escuela que quedaba en el pueblo, en la que casi ya no había niños por causa del despoblamiento del rural. Su sueño era que los niños de los alrededores pudieran tener una educación tan bonita y familiar como la que había tenido él.

Una noche de finales de agosto, de estas que en Galicia ya hace algo de fresquito para ir sin chaqueta, los dos chicos salieron a dar un paseo por el malecón. El cielo se reflejaba en los ojos grises de María (que sin duda había heredado de su padre) y provocaba que estos brillaran aún más de lo que ya lo hacían con el par de cervezas que se había tomado. Estaba muy guapa aquella noche.

Se pararon frente a un banco, y Marcos se le acercó tanto que ella se puso de puntillas automáticamente y chocó su cara contra la suya. Que ardía. Al estar tan cerca de él notaba como su olor se iba intensificando.

Si tuviera que describirle a su amiga Carmen a qué olía el chico en ese momento, le diría que olía a verano, a tardes interminables de calor, a noches paseando por la calle con amigos y sobre todo a...nervios. A los nervios que sintió cuando la besó y casi se le sale el corazón. Casi llega septiembre.

Todo lo que quedaba de agosto transcurrió para María entre muchos más besos, tardes de piscina y paseos por el Malecón.

Bego, por el contrario, continuaba entre reformas y fogones. Siempre acompañada por Santi y su característico buen humor, que solo reprimía cuando María le ponía mala cara.

Sin embargo, a medida que se acercaba septiembre, nuevas preocupaciones rondaban por la cabeza de las chicas. Y aunque por momentos trataban de apartarlas, ambas sabían que no podrían posponerlas mucho más.

María irrumpió de golpe aquella mañana en el salón, donde se encontraba su madre con Santi, dispuesta a hablar con ella.

- Necesito decirte una cosa que creo que no puede esperar más...

Tan gallega como el camino de Santiago
Nuria Armesto López

- María...siéntate. Yo también tengo algo que decirte.

Los ojos de su madre mostraban una tímida ilusión que se escondía detrás de la preocupación que le causaba contarle eso a la niña.

- No puedo volver a Madrid contigo, María. Tendrás que pasar el curso con tu tía. He obtenido la licencia de actividad municipal, por lo que voy a reabrir el Xacobeo- le espetó Bego- las reformas están cogiendo muy buen camino, por lo que dentro de poco podré ampliarlo para ofrecer también servicio de restaurante.

La chica respiró aliviada, por un momento pensó que iba a contarle que... No, apartó esa idea de la cabeza.

Bego nunca le había contado aquella historia a su hija, pero ella y su marido se habían conocido cuando el madrileño, que estaba haciendo el Camino de Santiago, se había quedado a hospedarse en el Albergue Xacobeo. Sin embargo, al quedarse embarazada se mudó a Madrid, dejando atrás no solo Paradelá, sino también su ilusión de continuar con el albergue familiar, trabajo para el que se había formado.

El recuerdo de la gente del pueblo, los peregrinos y su mezcla de culturas, así como su proyecto de gestionar su propio negocio, la habían mantenido con cierta ilusión los primeros años que pasó en la capital, en una ciudad donde apenas conocía a nadie y con una niña pequeña que requería su atención las 24 horas.

Cuando María fue creciendo y su vida en Madrid se fue asentando, aquel proyecto se fue alejando cada vez más hasta convertirse en un sueño de estos que sabemos que nunca podremos alcanzar. Esto no quería decir que con su hija y su marido no hubiera sido muy feliz, pero ella sentía que pertenecía a esa generación donde hubo tantas mujeres que renunciaron a sus sueños en favor de los de su familia.

Y, aunque no podía evitar sentirse un poco egoísta por atreverse a hacer aquello justo ahora que su hija iba a empezar una nueva etapa, sabía que a largo plazo sería lo más beneficioso para las dos.

Yo tampoco quiero regresar a Madrid, Mamá. Ya no quiero estudiar diseño. Quiero quedarme aquí contigo...- y con Marcos, pensó, aunque eso no se atrevió a decirlo.

- ¡De eso nada, María!

- Pero...

- Cuando llegue septiembre volverás a Madrid con tu tía e irás a la universidad...

Si algo tenía claro Bego es que no estaba dispuesta a permitir que su hija tirara su vida por la borda. Iría a la universidad, se formaría y luego ya tendría tiempo a decidir si quería regresar.

María entró en cólera. Su madre podía quedarse y ella no? ¡Ella tampoco

quería volver a Madrid! No quería regresar a aquella ciudad donde había pasado los peores momentos de su vida...aquella ciudad en donde había visto morir a su padre sin poder hacer nada.

La discusión entre las dos subió tanto de tono que Santi no pudo evitar meterse a apaciguarlas. Miraba a María con aquellos ojos grises que le recordaban tanto a...

- ¡Tú no eres mi padre! - le espetó la chica- ¡tú no eres nadie! ¡Vete, vete!

Dio un portazo y se escapó corriendo al único sitio donde sabía que la apoyarían. Al único lugar donde no había dolor ni problemas.

Debes ir a Madrid y empezar diseño- le dijo Marcos tiernamente. Que el chico no intentara retenerla avivó aún más la llama de su ira. Él también se iba a poner de parte de su madre?

- El verano que viene yo estaré aquí esperándote. Te llevaré a ver Santiago. Y pasaremos por las calles empedradas un día que llueva mucho...hasta que nos empapemos. Además, - continuó el chico achinando los ojos- cómo es que no quieres volver a la capital?, tú eres "más madrileña que un bocadillo de clamares"?

María sonrió:

- Ahora me siento "tan gallega como el camino de Santiago".

Los chicos se dieron un fuerte abrazo de despedida. Marcos ya no solo olía a verano, sino también a melancolía y a ganas de regresar. Qué dulce es el primer amor, verdad? , que sentimos que nunca más volveremos a querer así.

De regreso a casa empezaba a oscurecer y María se encontró con su madre sentada, una vez más, en los escalones de la entrada. La niña se sentó a su lado y apoyó la cabeza en sus rodillas.

- Santi se ha ido - dijo la mujer mientras comenzaba a acariciarle el pelo

- No se ha despedido de mí

- Pero te ha dejado algo - dijo su madre dándole un diminuto paquete mal envuelto en papel marrón que la niña metió en el bolsillo de atrás de sus vaqueros. Ahora no le apetecía abrirlo. Pese al odio que le tenía, que Santi se marchara le partía un poquito más el corazón.Éra una persona muy especial...- continuó Bego

- - Estabas enamorada de él?

- De quién? de Santi??...¡para nada! Cómo has podido pensar eso?

- No se...desde que llegó parecías más feliz...te has decidido a reabrir el albergue...te has vuelto a arreglar...

Tan gallega como el camino de Santiago
Nuria Armesto López

Su madre esbozó una carcajada:

- Siento haberte dado a entender eso. Tal vez te he tenido un poco abandonada...es normal que a tu edad no puedas saber cómo piensan o sienten los adultos, lo malo es que los adultos frecuentemente olvidamos lo que se siente al ser joven...

María abrazó a su madre. Era la primera vez que las dos se sentaban a hablar desde la muerte de su padre.

- Seguro que aquí serás muy feliz- dijo la niña.

Bego sonrió. Sabía que, como dijo el gran Benedetti, siempre hay algo de tristeza en toda felicidad.

- Por cierto...- apuntó la madre con un tono un poco más duro- que las mujeres nos arreglemos más no tiene nada que ver con que estemos enamoradas. Simplemente de trata de intentar enfrentar la vida con buena cara, sea cual sea la mochila con la que se cargue.1 de septiembre

Ese día por la mañana, a pesar de las complicaciones que empezaba a dar la destartada furgoneta, mamá y el abuelo consiguieron llevar a María al tren para que pudiera llegar a Madrid a tiempo para su primera clase en la universidad.

La niña iba mirando por la ventanilla cuando de repente se acordó de algo. Metió la mano en el bolsillo de atrás de su vaquero y sacó el paquetito mal envuelto que le había dejado Santi. Lo abrió rápidamente y vio que dentro había una M hecha con una especie de piedras de colores.

Una M que encajaba perfectamente en el hueco de la pulsera que había arrojado al fondo de su maxi bolso negro antes de partir hacia Paradela.



Manuel Rodríguez López

Filho predilecto de Paradela

Biografía

MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, cronista e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral. Traballou como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.



O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "**POEMAS POPULARES GALEGOS**" (1968), "**SAUDADE NO BULLEIRO**" (1970), "**SOLDADA MINIMA**" (1979), "**ONTE E HOXE VIVENCIAL**" (1995), "**A ATLANTIDA**" (1995), traducción ó galego do grande poema épico catalán de Jacint Verdaguer, "**MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. POESIA COMPLETA**" (2009), e "**MANUEL RODRIGUEZ LOPEZ. ANTOLOXIA POETICA**" (2014). En prosa: "**REENCONTRO COA ALDEA**" (1983), "**GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982**" (1983), "**GALEGOS EN CATALUNYA-2**" (1985), "**VIAXES CON ANXEL FOLE**" (1988), "**FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989**" (1989), libro-programa das festas e "**VOLTA A ESPAÑA A PE**" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "**HOMAXE O CHE**" (1970), "**A NOSA TERRA**" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "**HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO**" (1976), "**GALICIA NO ANO 1979**" (1979), "**JOSE M^a ACUÑA**" (1983), "**OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE**" (1986), "**VOCES POETICAS**" (1987), "**PARADELA Y SU CONCELLO**" (1990) e "**ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA**" (1993).

Entre a bibliografía sobre Manuel Rodríguez López inclúense obras como "**Gran Enciclopedia Gallega**" (ver tamén o apéndice I), "**Medio cento de galegos e Rosalía**" (1983), "**88 gallegos: una tierra a traves de sus gentes**" (1983), "**De**

Fillo predilecto de Paradela

Pondal a Novoneyra (1984), *“Diccionario de escritores en lingua galega”* (1990), *“Un paso de poesía. Poesía Galega 1961-1975”* (libro e video, 1993) *“Diccionario da literatura galega. I. Autores”* (1995), *“Diccionario de Fole”* (1997), *“Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya”* (1999) e *“Vida e obra de Manuel Rodríguez López”* (2000).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía Meigas e Trasgos de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas *“TI ES ETERNO”* e *“NEOPLASIA”*, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con *“A EMIGRANTE”* e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra *“NOITE DE NADAL”*.

En prosa, coa peza teatral *“VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA”*, conseguiu o primeiro premio Nós de Barcelona en 1980. En Sarria, mereceron o premio Meigas e Trasgos os seus contos *“A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS”* (1977) e *“QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO”* (1986) e, en Baracaldo, *“BAIXA VOLUNTARIA”* (1978). Nos Premios Galicia de Xornalismo, quedou finalista na sección de Reportaxe, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas e Dorna*; no Boletín, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de *Faro de Vigo* e de *El Ideal Gallego* na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de *El Progreso* de Lugo, *La Voz de Galicia* e *Praza Maior* (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en Radio Nacional de España en A Coruña e Radio Popular de Lugo.

Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González e Mary C. Otero Rolle musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado *“Fillo Predilecto do Concello de Paradela”* e *“Lucense del año 1989”*. En 1990 inaugurouse a *Casa de Cultura de Paradela “Manuel Rodríguez López”* e, no ano 2001, o novo *“Centro Socio-Cultural Manuel Rodríguez López”* tamén na capitalidade do Concello que viu nacer ó poeta paradelense. Os seus restos mortais descansan no Panteón de Paradelenses Ilustres no cemiterio de San Miguel de Paradela. Dende 1995, vense celebrando cada ano o *Certame Literario Manuel Oreste Rodríguez López*, organizado polo Excmo. Concello de Paradela. No ano 2014 foi nomeado *“Socio de Honra do Centro Galego de Barcelona”* a título póstumo.

Máis información na web oficial de Manuel Rodríguez López:
www.manuelrodriguezlopez.org/

Diario da Primeira Semana de Estudos Históricos

O pequeno retraso, de acordo co horario previsto, para partir de Lugo en dirección a O Cebreiro, segundo o programa da I Semana de Estudos Históricos, non é de extrañar debido ás atencións que a organización tivo cos cincuenta participantes: entrega de bordóns e morrais, entrevistas para os medios de comunicación e saúdos das autoridades presididas polo Presidente da Diputación Provincial de Lugo, Francisco Cacharro Pardo.

Cun tempo ameazante, tras dous días de chuvias torrenciais, os peregrinos e os vinteseis membros da organización, da Cruz Roxa e de Protección Civil saímos da Cidade do Sacramento en autocar con destino ó punto de iniciación da peregrinaxe xacobeá cun ambiente apropiado pola acertada idea de amosarnos un video sobre as igrexas románicas da comarca de Chantada, comentado polo profesor Yzquierdo Perrin que, ó longo da semana sería o experto cicerone que nos había asesorar nas visitas ós monumentos do camiño santiagués.

O CEBREIRO

O reencontro con Elías Valiña Sampedro, comisario-coordinador do Camiño de Santiago e párroco de O Cebreiro, a chuvia, as pallozas (pernoctariamos nunha delas), o concerto de zanfoña e organistrum, o discurso de inauguración pronunciado polo señor Cacharro Pardo, a bendición dos bordóns e morrais polo bispo Fray Xosé, a lección inaugural impartida polo profesor Carmelo Lisón, o xantar e a cea de irmandade... tantos actos no transcurso da tarde e primeiras horas da noite agoiraban unha semana de actividade relixioso-cultural plena de inesquecibles vivencias. Ó remate da cea, o presidente da Asociación de Amigos dos Pazos manifestaría o seu apoio á I Semana de Estudos Históricos e os gaiteiros da Diputación alledariannos con aires folclóricos. Cacharro Pardo, antes de voltar a Lugo manifestou: "Peregrinar é sacrificio e penitencia, pero tamén sentirán a regalía de estreitar amizades".

NOVOS AMIGOS

As miñas primeiras conversas cos compañeiros no transcurso do día foron aleccionadoras. Monseñor Nikolaus Wyrwoll, cura párroco da cidade universitaria de Gottingen donde estudiaon persoeiros de gran renome como Mao Tse Tung e Ho Chi Ming, definiu axeitadamente a importancia da xuntanza con estas palabras: "É unha iniciativa moi importante porque o que hoxe precisa a cultura é o contacto entre as persoas adultas. Cada quen ten problemas propios e é bo que se entere que outros xa os tiveron e resolvéronos. Iso ímolo conse-

guir nesta I Semana de Estudos Históricos na que nos atopamos persoas de experiencia cultural e civilización diferentes. Andando a pe hai tempo de intercambiar ideas".

Monseñor Nikolaus, que xa estivo en Compostela seis veces, o ano 85 peregrinou a Santiago con outro crego dende Roncesvalles. Fala perfectamente o castelán, que adprendeu en Roma con compañeiros de Hispanoamérica. O seu grande interés por Galicia débese a que sendo párroco de Goslar, conviviu con moitos emigrantes galegos. O ano 72 —cóntanolo como anécdota— administrou o bautismo a 56 nenos dos cales 27 eran fillos de galegos.

O pontevedrés Isidoro Millán González-Pardo, catedrático de grego no Instituto "Rosalía de Castro", de Santiago, especialista en indoeuropeo e correspondente da Academia de Historia, é autor dun importante estudio titulado "El mosaico del pavimento superior del edículo de Santiago y su motivo floral". El asegura que a presenza dos restos do Apóstol é irrefutable e argumenta: "Co meu traballo coído ter demostrado que, arredor do ano 200, na cámara sepulcral do mausoleo do Apóstol fíxose unha remodelación da mesma e elevouse o pavimento primitivo en 75 centímetros cubrindo este cun mosaico orlado cun motivo simbólico paleo-cristián. Este destinábase a recubrir unha fosa destinada a un personaxe Cristián os restos do cal preexistían no propio mausoleo. Despois houbo cancelación do mausoleo ocultado que a tradición coñecía e que se descubriu no século IX".

Ricardo López Pacho, natural de León, é profesor de Relixión na Escola de Formación Profesional de Moaña. Doutorouse en Historia da Arte e ten publicados varios libros. Cando lle digo que son de Paradela, déixame abraído: el foi quen descubriu a importancia monumental e histórica da igrexa de San Falcundo o ano 1976. A súa tese doutorai trata do románico no bispado de Lugo ó este do río Miño. Casualmente, o libro que estou a preparar sobre Paradela enriquecerase coas aportacións do amigo Ricardo e tamén coas de Isidoro, moi interesado nas etimoloxías de Agurtiún e A Croa de Toural daquel concello.

Outras novas amistades da primeira xornada son Mercedes, compoñente do Grupo "Cantigas e Froes"; Tonia, Marisa e Nélica, de Santiago; Celia, Raquel e Ana, de Lugo, e, dos asistentes non peregrinos, Soengas, estudante de Periodismo en Barcelona, Leal Ynsúa, que nos manifestou o seu anxeio de trasladar os restos da súa esposa Xulia Minguillón a Lugo; o bispo Fray Xosé a quen felicitei polo seu sermón en galego e polo seu acertado propósito de visitar tódalas parroquias da Diocese (a maioría delas endexamais tiveran unha visita pastoral). É desacougante a súa declaración: "Eu gusto de empregar o galego —díxome— pero os sacerdotes dinme que os feligreses prefiren que se lles fale en castelán".

Un bo amigo crego que predica a verba de Deus na fala do pobo explicoume a razóns de que moitos compañeiros seus informen ó prelado mal: "Por falta de textos sagrados na nosa lingua, empregan o castelán pois teñen preguiza de axeitalos ó galego eles mesmos".

CEBREIRO-TRIACASTELA

De mañá cedo, e tras oír unha misa en latín, o profesor Ramón Izquierdo fixo unha detallada exposición das características arquitectónicas da igrexa de O Cebreiro, da importancia artística da imaxe da Virxe románica e do Cristo gótico así como do Santo Grial galego.

Yzquierdo Perrín é profesor da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago dende 1970. A él débesele o importante libro "Arquitectura románica de la provincia de Lugo", Vol. I, editado pola Fundación Barrié de la Maza. Trata das igrexas románicas situadas ó oeste do Miño e pronto poderemos ter nas mans o segundo tomo referido ás igrexas da marxe esquerda do mesmo río.

Unha curiosidade coa que non contabamos foi ver un can deitado no presbiterio durante a celebración eucarística. "Polar" é un mastín do Pirineo que lle regalou un catalán ó doutor Valiña. "Bo Cristián salvo a alma —cóntanos o crego de O Cebreiro— o instinto de "Polar" é a fidelidade. Cando a campá chama ó culto relixioso, o can aparece na igrexa, ule as persoas, saúda a todos e, logo, séntase detrás do altar. Tamén el foi romeiro a Compostela. Nunca se separaba de min e ía tan achegado para defenderme que molestábame ó andar".

A primeira etapa de 21 kilómetros con visitas ás igrexas de construción medieval, estilo que poderíamos considerar de montaña, en Liñares, Hospital da Condesa e Fonfría do Camino, rexentadas por Xesús Mato que sumouse ós actos, foi dura por costaneira. Non foi doado subir ó alto do Poio (1.337 m.) pero a indescribible visión panorámica era unha regalía. O paso polos pobos, nembargantes, é esmagador. A punto de rematar o século vinte, aínda non están sañeados e o trollo e a lama fan intransitables os caminos.

En Fonfría xantamos nunha palleira e, o dispórmonos a reemprender camiño, unha chuvía torrencial alonga a sobremesa. A organización solicita os servizos dun autocar para cumprir o resto da etapa pero os mellor equipados contra as inclemencias do tempo deciden ir a pe.

"Miss Simpatía" —María do Carme García— ó subir ó autobús dille ó chófer. "Señor conductor, non pense que lle irnos cansos. Tivemos que recoller a mesa".

En Ramil amaina a chuvía e seguimos a pe o descenso ata Triacastela maravillados ante os frondosos castiñeiros centenarios que abeirán o vello Camiño Francés, ó entrar no pobo, asentado nunha estreita veiga rica en variadas árbores frutais, os foguetes anuncian a nosa chegada e o alcalde, Xosé Antonio Pérez, con membros da Corporación e o párroco, Augusto Losada, recibennos namentres a Banda Municipal de As Nogais interpreta música popular.

Despois de oír a documentada conferencia pronunciada polo doutor Elías Valiña, que tratou de "El Camino de Santiago. Fundamentos Jurídicos", asistimos á cea que presidiu o delegado de Cultura da Diputación Provincial de Lugo, Alfredo Sánchez Carro. El informounos da razón de que o río que pasa por Tri-

castela teña dúas denominacións: Oribio e Sarria. "Nunha xuntanza celebrada neste pobo co gallo da inauguración do monumento ó Peregrino o Ano Santo de 1965, propuxen que o río fora chamado Oribio debido a que nace no monte do mesmo nome. Os concellos de Triacastela e Samos aceptaron a idea pero o de Sarria desaprobouna por un só voto. De aí que o mesmo río teña dous nomes. O pai Mauro bendicou as augas dicindo: "Eu chamoche río Oribio e cada quen que che poña como queira".

Victor L. Villarabid, puntual cronista da I Semana de Estudios Históricos, ó día seguinte aportarlá datos documentais para demostrar que o río foi denominado sempre río Sarria dende as súas fontes. Nembargantes nós puidemos comprobar que Obras Públicas, en Triacastela e Samos, sinalizouno de acordo coa proposta de Alfredo Sánchez Carro.

TRICASTELA-SAMOS

Cun poema de Machado adicado ó camiñante, lido, diante do monumento ó Peregrino, por Jean Claude Benazet, francés, profesor de lingua castelá en Bar le Duc, proseguimos camiño ata Lusío, pasando por San Cristobó do Real.

¡Que pena ver profanado o histórico pazo onde nacera o gran matemático Vázquez Queipo. Un capitel fica no chan cuberto de bosta. A carón, unha columna rota e artísticas portas talladas fican no vintimperio!

Desacougados pola profanación de Lusío, seguimos a Renche e San Martín do Real atravesando paraxes de ensoño que o amigo Anxel, de Pedrafitá, encárgase de recoller coa súa cámara e chegamos a Samos donde, pola tarde, escoitárimos a conferencia pronunciada polo profesor Izquierdo Perrín sobre "El Arte en el Camino de Santiago" e asistiríamos á actuación do Orfeón Lucense dirixido polo mestre Xosé Castiñeira.

Don Pedro de la Portilla, mallorquín con quen falei en catalán é o restaurador do monasterio e el foi o cicerone que nos agloui a todos cando, diante da cela que ocupara o esgrevio vate Ramón Cabanillas, pronunciou en perfecto galego un longo fragmento do seu poema "Samos".

Hai anos critiquei nun artigo o feito de que Samos non se identifique con Galicia e o seu idioma como acontece na abadía de Montserrat. Nesta ocasión comprendín ata certo punto a posición dos monxes. De dezaseis relixiosos, só dous son galegos. O prior é o leonés pai Miguélez. Hai dous teólogos, un novicio e tres legos. Certamente non se pode comparar Samos con Montserrat donde a comunidade, moito máis numerosa, está composta por cataláns e a Virxe non só é un feito relixioso senón que ademais é un símbolo social do pobo catalán.

SAMOS-SARRIA

A paisaxe durante a terceira etapa á beira do Oribio, ou Sarria, segue a facernos máis levadeira a dureza do camiño. A bucólica estampa de largacías

pradeiras, mestos soutos, transparentes regueiros e pequenas aldeas como Sivil e Perros, lugar de nacencia da nai do ilustre polígrafo Pai Sarmiento, chega ó máximo no cume do castro de Calvor onde contemplamos a vizosa veiga de Sarría. O descenso cara a moderna vila é unha ledicia e o recibimento ó son das gaitas de "Meigas e Trasgos" dá azos para subir a costaneira rúa ata o convento rexentado polos pais mercedarios.

Cinco monxes e tres irmáns legos componen a pequena comunidade. O comendador, Francisco Gavilanes, é ourensán. Estudiu en Salamanca e foi misionero en Bolivia durante dez anos. En Potosí, a 4.100 m. de altura, cun sol agotador polo día e con temperaturas de ata 20° baixo cero pola noite, realizaba o seu labor pastoral con ilusión pero, por razóns de saúde, viuse na obriga de voltar a España. Home aberto, falador e cheo de amabilidade, amostrounos as dependencias donde nos albergaríamos e confraternizou con todos. A austeridade conventual só a notariamos no horario cando remarcou a pesar de algunhas protestas: "As dez da noite as portas pecharanse ata as sete da mañá".

A seguido da maxistral lección do doutor Anxel Rodríguez na igrexa conventual encol do tema "Influencia del Camino sobre el desarrollo de la España Medieval", e da actuación do Grupo Musical "Taranis" e de "Meigas e Trasgos" nos xardíns de La Unión, Peter Klemensberguer, Eleuterio Alvarez e mais eu visitamos a vila. Peter, con quen fixemos unha gran amizade, é profesor de Historia en Zurich. Fixo sete viaxes a Compostela, o último como peregrino dende Roncesvalles. Eleuterio é profesor de Historia Medieval en Santiago e ten publicado importantes traballos como "El yantar y el hospedaje foral en el sur de Galicia (1340-1450)" e "Aproximación al estudio de las Sernas en la Galicia Bajomedieval".

De volta ó convento súmanse a nós Olegario Díez, barcelonés de nacemento e madrileño de adopción, que estudiou Farmacia en Compostela e fixo a pe o Camiño Francés dúas veces dende Roncesvalles e unha dende Somport por motivos relixioso-culturais, segundo propia afirmación. Tamén se nos unirá Alicia Baamonde, profesora en Lugo, que nos presentou ó seu esposo, o escritor Paulino García Seco, a quen tiña lido tantas veces no xornal "El Progreso" pero que non coñecía personalmente. ¡Que gran satisfacción produce coñecer aquelas persoas que un admira a través da súa obra!

SARRIA-PORTOMARIN

Santiago de Barbadele é unha xoia arquitectónica. Unha vez máis, Yzquierdo Perrin, con facilidade expresiva cautiva a atención de cantos seguimos a descripción que fai do monumento.

Na localidade prehistórica de Sancti Michaelis, Elías Valiña encamiñanos ó castro en cuxa iadeira oeste el foi o primeiro que situou a poboación, hoxe desaparecida, que figura no Codex Calixtinus. E tras cinco horas de camino chegamos a Ferreiros, en terras de Paradela, fronte a Randulfe, lugar donde eu nacín,

na outra vertente do Loio, e xantamos na vella escola da parroquia, hoxe abandonada, que Elías Valiña pretende rescatar para pousada do peregrino.

Xosé Luis Pérez Mudarra, encargado e cámara do vídeo que recollerá en imaxes os feitos principais da I Semana de Estudios Históricos, con Manuel Pérez Sánchez, Xaquín Sánchez e Carlos Ouro, non cansan de filmar. Xosé Luis é catalán, da provincia de Lleida, e dende o primeiro intre sentímonos máis vencellados pola lingua do Principado. Como profesional de Artes Gráficas e xente da imprenta da Diputación Provincial de Lugo. Tamén estudiou no Instituto Oficial de Radio e T.V. de Madrid.

O realizador do documental é Xoan Carlos Fernández Pulpeiro, xefe da Sección de Cultura da Diputación, con experiencia como xornalista en "La Voz de Galicia" e en T.V.E. Ó longo dos oito días que duraría a I Semana de Estudios Históricos, Xoan Carlos sería o incansable e atento xefe da organización que contaría coa axuda do incombustible Xoan Manuel Balboa.

Durante o xantar, Xoan Ferreiro, alférez da Cruz Roxa, cóntanos que vai cursar 4º de Historia en Santiago. Elisa Ferreira, impartirá no devandito curso Historia Medieval. Profesora e futuro alumno fixeron axiña unha amizade que esperamos siga en aumento ó longo do xa próximo curso.

Hai que sulñar algo que os xornais non publicaron. Un aplauso unánime acolleu á Víctor L. Villarabid, cronista destas xornadas. O xornalista, recentemente nomeado cronista oficial do Concello de Portomarín, sentiuse sorprendido e manifestou: "Asómbrame que cumprir unha obriga sexa motivo de felicitación".

Ó reemprendermos viaxe a Portomarín dialogamos con Celia Castro, profesora de Arte na Escola de Artes Aplicadas; Luis Bruzos, director do Instituto "Anxel Fole"; Basilio Chamosa, que o próximo curso impartirá Historia no Instituto de Lalín; co segoviano Juan Antonio Galván e con Filiberto Alvarez que o Ano Santo de 1982 peregrinaron xuntos dende León ata o sepulcro do Apóstol sendo portadores dunha carta dirixida ó Cabildo compostelán. E, en chegando a Pena, sorpréndenos ver que Jean Claude estreita entre os seus brazos unha señora do lugar. "O ano 81 — contaríanos pouco despois— vindo en peregrinaxe, entramos nesta casa para mercar qué comer e non só non nos quixeron cobrar senón que, por riba, déronnos pan recen saído do forno, chourizos e xamón para seguir viaxe. Dende aquela, únenos unha fonda amizade". ¡Maravillosa lección da hospitalidade do noso pobo!

PORTOMARIN

Portomarín ben merecía un día completo. Máis que para descansar, para adicar horas ó estudio das conclusións da I Semana de Estudios Históricos que se farían públicas no acto de clausura en Palas de Rei.

Eu, que tantas veces estiven en Portomarín, endexamais sentira tal nostalgia polo vello pobo aulagado como nesta ocasión ó escoltar as detalladas

explicacións do alcalde, Eloi Rodríguez López, que nos acompañou ó antigo emprazamento da igrexa de San Xoan, ó descuberto por mor da prolongada seca deste verán. ¡Que acolledor debía ser o Portomarín vello alongándose á beira do Miño, cos embarcaderos arrancando do paseo do malecón, os caneiros no medio da cante fluvial e as ricaces ribeiras cubertas de cepas, árbores frutais e hortas que producían incluso azafrán!

Outra vivencia novedosa sentina ó camiñar a 27 metros de altura polo paseo de ronda da igrexa, restaurada recentemente pola Consellería de Cultura. Accédese ó adarve por unha escaleira de caracol cun descanso na balconada interior debaixo do enorme rosetón donde se aprecia a grandeza da nave do templo. O párroco, Antonio López, acompañado polo alcalde, sintese satisfeito da eficaz solución dada, inda que non sexa a máis artística, para impedir a filtración de augas e asómbraos cando nos di que a fábrica da igrexa trasladada ó novo Portomarín componse de 14.000 pezas de cantería.

Yzquierdo Perrín explícanos demoradamente as solucións arquitectónicas e a arte mateana que enriquece o orixinal monumento medieval e Ricardo López Pacho agláianos coas súas interpretacións bíblicas e evanxélicas.

"A figura central do tímpano da porta sur —afirma o profesor, e pensamos que cun acerto total— non é San Nicolás como se pensa. E Xesús Pontífice que ten á dereita ó profeta David tocando a arpa e, á esquerda, ó apóstol San Pablo".

A conferencia pronunciada polo profesor de Historia Medieval da Universidade de Salamanca, José Luis Martín, encol de "Las Ordenes Militares en el Camino de Santiago" confeso que me defraudou. Restou importancia ós cabaleiros de Santa María de Ribaloixio e tildou de fachendosas determinadas cirimonias de órdenes militares sen cometido na actualidade, o cal suscitou un coloquio costestatorio e serviu para enterarnos de que monseñor Nikolaus é prior da Orde do Santo Sepulcro e que don Isidoro Millán é conde de Quirós, títulos que levan con gran dignidade.

A aspiración do pobo novo de Portomarín, que celebrará o 25 aniversario a comenzo da primavera do próximo ano, segue sendo a reapertura do parador que FENOSA construírá para promocionar o Camiño de Santiago e o propio pobo. Unha das conclusións da I Semana de Estudos Históricos é solicitar a solución do problema suscitado polo peche da institución turística o 15/5/84. Clama ó ceo que o Estado manteña pechado o edificio e permita que se deteriore en troques de promocionalo. Se non é quen de rehabilitalo que o ceda ó Concello. Pretende, quizáis, que se esborralle en por sí coma algúns vellos pazos e igrexas que visitamos ó longo do Camiño Francés?

O programa cultural, en Portomarín, pechouse cun concerto de música medieval a cargo do Grupo de Cámara de Compostela con gran autenticidade en canto a interpretación de obras, emprego de instrumentos e aplicación das letras. Lástima que a acústica da igrexa, tan boa para corais, non favorecera a presentación do grupo que, sen lugar a dúbidas, ten un nivel internacional.

PORTOMARIN-PALAS DE REÍ

A marcha ata o alto de Castromaior de Ligonde (756 m.), pasando por Gonzar, Hospital e Ventas de Narón é cada vez máis montesía. A vexetación frondosa trócase en extensos matorrais de toxos e xesteiras nos que se intercalan alfombras de carqueixa.

A grata novidade desta quinta etapa é a coincidencia dos peregrinos co intre en que se está a colocar un dos monolitos anunciadores do Camino Francés, fitos anunciadores da ruta xacobeá que nos guiarían xa ata o límite da provincia. O só feito da sinalización que se está a realizar abondaría para aplaudir a iniciativa do Presidente Cacharro Pardo que tivo a sagacidade de porse ó fronte do movemento xacobeo que está a rexurdir en España e Europa.

Vilar de Donas é o derradeiro monumento que visitamos no vello camino, construción pre-gótica que nos describe o profesor Ramón Yzquierdo con toda clase de detalles. É tal o engado medieval que encerra o templo que monseñor Nikolaus non dúbida un intre en cantar un himno gregoriano que ecoa solemne no sagro recinto. As cinsas dos cabaleiros de Santiago que xacen na vella igrexa deberon estremecer de ledicia namentres unha raiola de sol iluminaba as sinxelas meixelas das donas pintadas na ábside.

Dende o alto do Rosario baixamos a Ave Nostre-Lamelas e entramos en Pallas donde nos agardaban o parlamentario Fernando Pensado, a Corporación presidida por Manuel Santos Varela e o crego Manuel Failde Cortizo. Era noite pecha e o cansancio notábase arreo. Durante a cea, Nélida Ferreiro Dacoba, profesora da Escola de Formación Profesional de Santiago, sentíase satisfeita de ter chegado o seu propósito. "É mester consumir glucóxenos —aconselláranos en Poio— para non desfallecer". María Rúa e Toña Garabal comentaban con Mercedes e Anxeles os pequenos atrancos da longa xornada. Joaquín Muñoz, cordobés residente en Barcelona, peregrino o ano 85 dende Puente la Reina, explicaba con satisfacción que era a décima vez que visitaba Galicia.

PALAS DE REI-CAMPANILLA-SANTIAGO

Si San Xulián do Camiño e Ponte Campaña, na vertente do río Pambre, son lugares paradisiacos, non o é menos o camino real (Km. 61) que sube entre frondosos carballos ata preto de Porto de Bois donde Elías Valiña nos conta os atrancos que foi mester salvar para recuperar 500 metros de Camiño Francés convertido en prado.

En Campanilla, etapa final da peregrinaxe a pe, orballaba e apetecía un café para escorrentar a friaxe. Con don Elías entramos nun pequeno establecemento no cruce da carretera Lugo-Santiago. Alí estaba Anxeles Robados "a peregrina Etería" —garimoso alcume que se lle ocorreu ó noso acompañante— filla de emigrantes, nacida en San Sebastián. A dona do bar recoñeceu ó crego de O Cebreiro e manifestoulle o seu agradecemento polo labor que está a facer para promocionar o Camiño de Santiago. "Para os que nos dedicamos á hoste-

lería —afirmou— é moi importante. Este ano pasaron moitos peregrinos e déusenos un caso moi curioso. Uns belgas que traían un can pagáronnos pensión completa por él coma se fora un cristián".

No castelo de Pambre, que eu visitara hai oito anos con Anxel Fole, agardábanos o dono, don Manuel Taboada Roca, conde de Borraxeiros, e o seu fillo Manuel Taboada Fernández, parente de don Isidoro Millán.

Na anterior ocasión da miña estancia no Castelo, as estancias servían de cortes para as vacas. A ruína semellaba inminente. Hoxe a granxa está aparte e obrouse algo inda que queda moito por restaurar. "Levo traballado moito —dinos o fillo do conde— e teño o proxecto de facer un parque con especies do país. Tamén pensamos instalar axiña no castelo un arquivo da nosa propiedade que é dos máis completos de Galicia".

O Presidente da Diputación Provincial de Lugo, Francisco Cacharro Pardo, clausurou a I Semana de Estudos Históricos en Palas de Rei tras facerse públicas as conclusións que él prometeu estudar e, aínda que non estaba programado en principio, a organización facilitou o traslado a Santiago, donde o señor Cacharro fixo a ofrenda ó Apóstol e o doutor Valiña oficiou a Misa do Peregrino.

Nementres acudía ó camerín do Señor Santiago para darlle a tradicional aperta parecíame estar oíndo as verbas do Presidente no acto de clausura: "Felicítovos porque soubestes camiñar unidos e elo contribuíu a estreitar lazos de amizade e a sabervos comprender uns ós outros... É mester reconstruír o espírito de Europa e as crencias históricas...".

PERA LOBA TAMÉN FACÍA BOAS OBRAS

Laura é unha rapaza de Santiago licenciada en Historia que, coma tantos outros, atópase sen emprego. De volta da visita a Pambre, cóntanos o que lle aconteceu a unha irmá da súa tataravoa. Ela oiullo a unha vella sendo nena. O constructor da carretera Lugo-Santiago, tataravó político de Laura, era de orixe vasco e apelidábase Leiciaga. O tal señor estaba casado cunha alemana cuxa irmá —a tataravoa carnal da nosa comunicante— tiña unha hospedería en Labacoia. Sucedeu que unha banda rival de Pepa Loba preparou o asalto á casa de Leiciaga sabedores de que ó día seguinte ía pagar ós seus traballadores. Pepa Loba, que era amiga da dona do constructor delatou ós atracadores e a esposa de Leiciaga burlou ós ladróns agachando o diñeiro nun pozo negro.

Pepa Loba non era, pois, tan ruín como se di. Tamén ela tiña bos sentimentos e era quen de facer boas obras.

XENTES NO CAMIÑO

Ó longo das oito xornadas de peregrinación, o doutor Elías Valiña non perdía ocasión de invitar ás persoas que se nos cruzaban para que se incorpo-

raran ós componentes da I Semana de Estudos Históricos. As respostas foron varias pero sempre, agás nunha ocasión, moi propias do medio rural galego que dificilmente se manifesta abertamente. Vede uns exemplos:

— Ven con nós, señora?

—Eu voulle ó contrario.

—¡Súmese á peregrinación! —Vaian indo.

— Ven? —Pró ano.

—A ver logo se non se esquece. —A ver se me chaman.

—Por que non nos acompañan, señoras?

—Non damos andado, que somos moi vellas. ¡Que teñan bo viaxe!

Caso para cavilar foi o que me sucedeu a min. Unhas compañeiras preguntáronle a un velliño en castelán canto faltaba para chegar a Palas de Rei.

—Seis kilómetros, contestoulles.

E eu pregunteille en galego se quería peregrinar con nós e respondeu.

—Vostede non é de lonxe porque fala coma nós. (Pouco se maxinaba el que as rapazas eran tan galegas coma min).

— E agrádalle, logo, que lle fale en galego?, volví a preguntarlle.

—Si, contestou con firmeza, porque é a maneira de nos entender mellor.

ORGANIZACIÓN PERFECTA

Inesquecibles xornadas as que vivimos dende o acto da inauguración no Cebreiro ata chegar a Santiago de Compostela. Protección Civil, Cruz Roxa, a Patrulla Motorizada todo terreo, o Mario, adiante e atrás cabaleiro na súa trial, os responsables de transportar as literas e o xantar, os servicios sanitarios do médico Anxel López Rodríguez e do A.T.S. Xoán Manuel Mayo Romero... todo saíu á perfección.

Non é de extrañar que, practicamente, non houbera mester de coidados médicos. Con Anxel á beira é difícil enfermarse. El é unha canteira inagotable de contos. Penso que moitos achegábenselle porque os seus chistes facían esquecer as maniotas. Púdeno comprobar. No autocar, de regreso a Palas de Rei, recibín un forte croque na cabeza. Blanquita Seijas esbarara e batera co seu bordón na miña cabeza e durante uns intres vin as estrelas de Libredón. A rápida presenza do médico fixome esquecer o golpe. O doutor Anxel López recórdame os curandeiros sicólogos de Alvaro Cunqueiro, coa ventaxe de que el, ademais, sabe medicina.

Manuel Rodríguez López

Publicado na revista Lucus

Publicado no xornal El Progreso, 17 outubro 1986

Santiago de Compostela

OUH SAGRO POBO DO MIRAGRO NADO,
cidade de feitizos, Compostela,
de Santiago glorioso, rexio estrado.
Quixo afogar o mouro a túa estrela,

pro, trunfador, acoden ó teu lado
santos e bispos. Cunha mesma arela,
o labrego, o mendiño e o cruzado,
nobres de Francia, reises de Castela.

De Xelmírez perante o bon goberno,
teu esplendor iguálase ó das Romas.
Nisas pedras Mateo pon o Eterno

cos seus Santos e Apóstolos a rir,
e en Rosalía, teu poeta, agromas
de Galicia ricaz novo porvir.

Manuel Rodríguez López
Do libro "POEMAS POPULARES GALEGOS"
(Editorial Celta, 1968)

